



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 07.06.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.09 h do 07.06.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

O alcalde, antes dar comezo á sesión, lembra a figura de Manuel Feal Muíños, que foi presidente da Asociación de Veciños de Fene durante moitos anos e asiduo asistente ás sesións plenarias municipais, falecido no día de onte e celebrado o enterro hoxe. Lembra tamén que se cumpren 50 anos do primeiro asasinato dun Garda Civil por parte de ETA, que era nativo da localidade coruñesa de Malpica. Propón gardar un minuto de silencio en lembranza destas dúas persoas.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da sesión extraordinaria urxente do 16.04.2018

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, celebra que se recollan na acta todas as palabras que se escoitan nos plenos, e solicita que sexa a última vez que se teñen que recoller nunha acta dun pleno deste Concello palabras machistas e faltas de respecto dirixidas ás mulleres da oposición, entendendo como oposición aos grupos o BNG e EU.

O alcalde resposta que Secretaría toma nota e sinala que a voceira de EU tamén faltou ao respecto ás mulleres do PP. A Sra. Martínez matiza que o dixo noutro contexto.

Ao non haber ningunha obxección, queda aprobada a acta sesión extraordinaria urxente do 16.04.2018.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 469/2018 ao núm. 634/2018

Os concelleiros danse por informados.

Intervén o voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, en relación con dúas resolucións. A primeira é a 627/2018, sobre a revogación da comisión de servizos dun policía municipal. Pregunta cal é o motivo da revogación.

Resposta a concelleira engargada da Policía Local, Rocío Bértoa, e indica que deu conta na primeira Comisión de Persoal, celebrada no mes de abril. Di que a primeira revogación foi a dun oficial de policía que estaba a ocupar unha praza de axente e que xa foi respostada unha pregunta sobre o tema no pleno anterior. Explica que existe unha resolución da Xunta de Galicia que indica que este traballador non podía estar ocupando un posto de categoría inferior á súa e que, cando estaban na oposición, lle requiriron ao Sr. Trigo en varias ocasións que puxera fin a esa situación, na que o traballador estaba a ser o principal prexudicado.



Engade que se limitaron a cumprir a legalidade, o que reclamaban na oposición e fixeron no goberno.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, indica que o que di a Sra. Bértoa non é certo, porque a Xunta non é o organismo competente para iso. Pregunta se, polo tanto, o motivo da revogación é un tema de carácter legal.

A Sra. Bértoa resposta que foi o que mantiveron sempre.

O Sr. Trigo sinala que se é así, trátase dun asunto de Pleno e non de resolución de alcaldía, xa que non é un motivo organizativo. Solicita que conste en acta o desacordo do grupo do BNG coa Resolución de alcaldía 627/2018 porque pensan que é un asunto de Pleno. Engade que cre que hai informes xurídicos desfavorables a esta resolución.

A concelleira Rocío Bértoa di que as comisións de servizos, ao igual que é competencia da alcaldía convocalas, tamén o é desconvocalas e que por iso se rescinde por resolución de alcaldía.

Juventino Trigo engade que hai dous tipos, por causas organizativas ou de legalidade; que as de causas organizativas son por resolución de alcaldía e as de legalidade son asuntos de Pleno.

A Sra. Bértoa sinala que ve que o Sr. Trigo coñece ben o dereito administrativo neste caso, pero non tanto noutros casos, e fai referencia a outra sentenza relativa á condición de non adscritos dos concelleiros de Somos Fene que se coñeceu nestes días, en relación co recurso que presentou a concelleira de EU coa plataforma de Participación Democrática Directa de Galicia. Reitera que as comisións de servizos se convocan e se revogan por unha resolución de alcaldía.

A segunda resolución sobre a que require aclaracións o voceiro do grupo do BNG refírese ao desistimento dun recurso subsidiario de apelación que estaba interposto polo anterior goberno local. Pregunta se o alcalde non ten interese en saber cal foi o procedemento irregular para venda de chatarra.

O alcalde, Gumersindo Galego, indica que agardaba esa pregunta e que ten preparada a resposta. Fai referencia a un auto do Xulgado de Instrución nº 3 de Ferrol, no que o Sr. Trigo presentou a denuncia...

O Sr. Trigo interrompe e di que el non presentou ningunha denuncia.

O alcalde prosigue e cita o Auto do 7 de maio de 2018 no que por segunda vez lle volve dicir ao Sr. Trigo que non sabe o que fan alí, e ofrécelle unha copia.

O Sr. Trigo aclara que xa ten unha copia facilitada polo Concello.

O Sr. Galego le textualmente unha parte do auto e indica que o Sr. Trigo pretendía que o Concello de Fene seguira adiante cun recurso de apelación para que despois lle impuxeran as costas como xa llas impuxo o Tribunal Superior de Xustiza neste recurso de apelación e noutro de dona M^a Del Carmen Martínez Rodríguez co partido Participación Democrática Directa de Galicia. Pregúntalle ao Sr. Trigo se quere que o Concello siga pagando costas, e indica que a resolución de alcaldía pola que pregunta o voceiro do BNG retira, en base a un auto xudicial, un recurso de apelación subsidiario que se estrelaba contra unha parede e volvería a supor costas para o Concello, como todos os procedementos que iniciou o Sr. Trigo e que está a perder.

Juventino Trigo entende que sinxelamente non quixo seguir.

O Sr. Galego engade que os razoamentos non os dá o alcalde senón o xuíz, e así consta na resolución de alcaldía, na que se copian literalmente os fundamentos de dereito que constan no auto ditado polo Xulgado de 1^a Instancia nº 3 de Ferrol.

3. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012,



do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 1º trimestre do 2018

Os concelleiros danse por informados.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, intervén para indicar, respecto a este punto e ao seguinte da orde do día, que neste Concello sempre se tivo como costume levar estas dacións de contas ás comisións informativas correspondentes, en aras da transparencia e para que os grupos poidan revisar toda a documentación. Roga que non se perda ese costume. Por outra banda, vendo o resultado do primeiro trimestre deste punto e do seguinte, pide que se manteña esa forma de traballar e intente o novo goberno continuar con eses períodos medios, e felicita aos departamentos correspondentes polo traballo.

O alcalde di que toman nota, pero que non seguirán esa forma de traballar porque máis ben era forma de non traballar.

O Sr. Trigo engade que ao mellor o alcalde non leu os informes e que o que había que pagar en 60 días o estaban a pagar en 24.

4. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao 1º trimestre do 2018

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 6/2018

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 28.05.2018 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 6/2018

As facturas incluídas no presente expediente corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Os gastos cuxo recoñecemento extraxudicial se propón, si ben gastos foron realizados todos eles no exercicio 2017, resultaron necesarios e indispensables para o normal funcionamento dos servizos municipais, pero non poideron ser imputados ó exercicio ó que correspondían por distintos motivos:

- Pola demora na presentación dalgunha das facturas, xa que tiveron entrada no concello no exercicio seguinte ó que correspondían, non contando con crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercicio corrente sen producir a perturbación do correspondente servizo.*
- Pola inexistencia de crédito no orzamento ao que deberían ser imputados. Trataríase da maioría das facturas incluídas na relación e que inclúe as facturas que quedaron pendentes de imputación a 31 de decembro de 2017.*



- Pola imposibilidade de comprobar a prestación dos servizos non podendo outorgarse a conformidade ás mesmas antes de fin de exercicio non sendo posible a súa imputación ao exercicio corrente sen producirse a perturbación do servizo.

Considérase necesario e obrigado atender aos gastos incurridos para evitar o perxucio dos terceiros contratantes coa Administración, e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de ésta.

Así mesmo, a imputación dos gastos ó exercicio corrente encádrase dentro dos marxes para efectuar un recoñecemento extraxudicial de crédito polo concello de conformidade coas disposicións das BEO 31ª do orzamento do exercicio 2015, prorrogado e considerando a efectiva prestación dos servizos, suministros e obras constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

O presente expediente tramítase simultaneamente ao expediente de modificación de créditos 8/2018, subexpediente 1/2018, na súa modalidade de suplemento de créditos, cuxa finalidade é incrementar o crédito das aplicacións aos que se imputan estes gastos, en consecuencia a aprobación deste expediente queda condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos.

A intervención municipal con data 23 de maio de 2018 emite o informe de fiscalización 157/2018 en relación ao presente expediente no que emite as seguintes conclusións:

"Fiscalízase de disconformidade, con efectos suspensivos as seguintes facturas, por non respetar os requisitos do contrato menor e atoparnos como xa constatou a intervención municipal en anteriores informes ante un fraccionamento do obxecto do contrato obviando a normativa aplicable en materia de contratación.:

Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	
			APLICACIONES	PARA
11 1726	3112,12	B70138763	CRISTALIZADOS, S.L.	
FAC 93	3417,90	B15896608	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL	
Emit- 8	102,00	G70422738	FERROLTERRA	
418/01	266,20	B70262019	AMOROSO E ASOCIADOS, S.L.	
FE17321248639653	929,06	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
FE17321250538954	1382,73	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
FE17321245172861	779,65	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
FE18321253537447	1809,60	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
999	172,50	B82387176	ARRIVA	
Rect-Emit- 1264	154,00	J70283163	RECORDANDO	ESTIMULACION
			COGNITIVA, S.C.	
Rect-Emit- 1263	2598,64	J70283163	RECORDANDO	ESTIMULACION
			COGNITIVA, S.C.	
A 1976	2794,20	B15350176	HIERROS SANTOS,SL	
Emit- 17	58,06	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.	
Emit- 18	115,21	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.	
Emit- 19	20,85	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.	
20	367,50	B82387176	ARRIVA	
21	2155,45	B82387176	ARRIVA	
22	2538,89	B82387176	ARRIVA	
23	1116,75	B82387176	ARRIVA	
24	495,75	B82387176	ARRIVA	
Rect-Emit- 7	136,00	G70422738	CLUB ESCOLA	XIMNASIA
			FERROLTERRA	



"En relación á tramitación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos esta intervención debe advertir da excepcionalidade que o lexislador confire ó expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, dendo evitar que se convirta nunha técnica orzamentaria habitual xa que eso imposibilitaría a valoración da xestión orzamentaria anual en relación co cálculo das magnitudes económico-financieiras e orzamentarias, de forma que se incumpriría unha das finalidades do cálculo de tales magnitudes, cal é a de suministrar aos órganos xestores información veraz sobre a imaxe fiel da situación da entidade para así posibilitar a programación de políticas orzamentarias acordadas coas directrices políticas que os órganos responsables da xestión municipal estimen máis convenientes aos intereses xerais.

Así mesmo advírtese que para a aprobaición do presente expediente de recoñecemento extraxudicial é requisito previo a aprobaición do expediente de modificación de créditos 8/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos."

No informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal, no orzamento do exercicio 2015, prorrogado para 2018 non existía crédito para imputar estes gastos polo que simultaneamente a este expediente tramítase o expediente de modificación de créditos 8/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos coa finalidade de dotar do crédito orzamentario preciso para a imputación do expediente; o que implica que a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponda ó Pleno en virtude do contido das BEO e do TRLRFL.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal á aprobación das facturas seguintes

Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	
11 1726	3112,12	B70138763	APLICACIONES CRISTALIZADOS, S.L.	PARA
FAC 93	3417,90	B15896608	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL CLUB ESCOLA XIMNASIA	
Emit- 8	102,00	G70422738	FERROLTERRA	
418/01	266,20	B70262019	AMOROSO E ASOCIADOS, S.L.	
FE17321248639653	929,06	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
FE17321250538954	1382,73	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
FE17321245172861	779,65	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
FE18321253537447	1809,60	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	
999	172,50	B82387176	ARRIVA	
Rect-Emit- 1264	154,00	J70283163	RECORDANDO COGNITIVA, S.C.	ESTIMULACION
Rect-Emit- 1263	2598,64	J70283163	RECORDANDO COGNITIVA, S.C.	ESTIMULACION
A 1976	2794,20	B15350176	HIERROS SANTOS,SL	
Emit- 17	58,06	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.	
Emit- 18	115,21	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.	
Emit- 19	20,85	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.	
20	367,50	B82387176	ARRIVA	



21	2155,45	B82387176	ARRIVA		
22	2538,89	B82387176	ARRIVA		
23	1116,75	B82387176	ARRIVA		
24	495,75	B82387176	ARRIVA		
Rect-Emit- 7	136,00	G70422738	CLUB ESCOLA XIMNASIA FERROLTERRA		

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/2018 por un importe total de 32.435,06 € condicionando a súa efectividade, en todo caso, á aprobación definitiva do expediente modificativo de créditos 8/2018, subexpediente de suplemento de crédito nº 1/2018 e entrada en vigor desa modificación orzamentaria.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer dos gastos e recoñecer as obrigas a favor do provedores, polos importes que se especifican e con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e ordenar o pagamento relativo á relacións de facturas seguinte, por importe de 32.435,06 euros:

Fecha entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre
22/12/2017	11 1726	31/10/2017	3112,12	B70138763	APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS, S.L.
29/12/2017	FAC 93	30/11/2017	3417,90	B15896608	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL
29/12/2017	Emit- 8	29/12/2017	102,00	G70422738	CLUB ESCOLA XIMNASIA FERROLTERRA
31/12/2017	FER- 680	31/12/2017	597,40	G15103500	FEDERAC.GALEGA ATLETISMO
29/12/2017	418/01	29/12/2017	266,20	B70262019	AMOROSO E ASOCIADOS, S.L.
23-03-2018	FE17321248639653	09-11-2017	929,06	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
23-03-2018	FE17321250538954	05-12-2017	1382,73	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
23-03-2018	FE17321245172861	04-10-2017	779,65	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
23-03-2018	FE18321253537447	05-01-2018	1809,60	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
03/01/2018	999	31/12/2017	172,50	B82387176	ARRIVA
19/01/2018	Rect-Emit- 1264	22/12/2017	154,00	J70283163	RECORDANDO ESTIMULACION COGNITIVA, S.C.
19/01/2018	Rect-Emit- 1263	22/12/2017	2598,64	J70283163	RECORDANDO ESTIMULACION COGNITIVA, S.C.
30/01/2018	149-07-17	18/07/2017	74,80	32642755M	Mº LORENA BRAGE LAMAS (FLORISTERIA LOTO)
30/01/2018	152-09-17	28/09/2017	74,80	32642755M	Mº LORENA BRAGE LAMAS (FLORISTERIA LOTO)
30/01/2018	158-12-17	09/12/2017	35,20	32642755M	Mº LORENA BRAGE LAMAS (FLORISTERIA LOTO)
12/03/2018	A 1976	25/11/2017	2794,20	B15350176	HIERROS SANTOS,SL
02/04/2018	A2454	27/12/2017	111,91	36081216N	REY SUAREZ MARINA
02/04/2018	A2455	27/12/2017	111,91	36081216N	REY SUAREZ MARINA
11/04/2018	Emit- 17	15/12/2017	58,06	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.
11/04/2018	Emit- 18	15/12/2017	115,21	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.
11/04/2018	Emit- 19	30/12/2017	20,85	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.
10/01/2018	Emit- 254	08/01/2018	134,78	V78652203	CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRAFICOS
29/01/2018	20	25/01/2018	367,50	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	21	25/01/2018	2155,45	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	22	25/01/2018	2538,89	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	23	25/01/2018	1116,75	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	24	25/01/2018	495,75	B82387176	ARRIVA



02/03/2018	2018 2071	8 27/02/201	5711,20	B15405772	JOSE BOUZA E FILLOS, S.L.
02/03/2018	Emit- 88	8 02/03/201	660,00	B15864671	AMBULANCIAS APOSTOL CORUÑA
02/03/2018	Emit- 89	8 02/03/201	400,00	B15864671	AMBULANCIAS APOSTOL CORUÑA
04/05/2018	Rect-Emit- 7	8 03/05/201	136,00	G70422738	CLUB ESCOLA XIMNASIA FERROLTERRA

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

Fene, 23 de maio de 2018

O alcalde,

Gumersindo Pedro Galego Feal"

O concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá, anuncia abstención na votación.

O voceiro do Grupo Socialista, Antón Noceda, solicita unha explicación das facturas.

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, indica que lle sorprende que o grupo do BNG se absteña nesta cuestión dado que son facturas do ano anterior. Explica que corresponden a exercicios anteriores, que estaban presupostadas e tiñan previsión de gasto pero non se pagaron no seu momento porque non se presentou a factura en tempo. Son todas de 2017 e de gastos necesarios, subministrados, limpeza de centros escolares, carburantes, asesoramento xurídico, servizos sociais, material de ferretería e un clube deportivo.

O Sr. Noceda anuncia que o grupo socialista facilitará a aprobación deste punto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo interposto pola intervención municipal á aprobación das facturas seguintes

Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre APLICACIONES PARA
11 1726	3112,12	B70138763	CRISTALIZADOS, S.L.
FAC 93	3417,90	B15896608	SL AREA SERVICIO VILAR DO COLO
Emit- 8	102,00	G70422738	FERROLTERRA CLUB ESCOLA XIMNASIA
418/01	266,20	B70262019	AMOROSO E ASOCIADOS, S.L.
FE1732124863965	929,06	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
3	1382,73	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
FE1732125053895	779,65	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
4	1809,60	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
FE1732124517286	172,50	B82387176	ARRIVA RECORDANDO ESTIMULACION
1	154,00	J70283163	COGNITIVA, S.C. RECORDANDO ESTIMULACION
FE1832125353744	2598,64	J70283163	COGNITIVA, S.C.
7	2794,20	B15350176	HIERROS SANTOS,SL
999	58,06	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.



Emit- 18	115,21	B15377351 FERRETERIA SAR, S.L.
Emit- 19	20,85	B15377351 FERRETERIA SAR, S.L.
20	367,50	B82387176 ARRIVA
21	2155,45	B82387176 ARRIVA
22	2538,89	B82387176 ARRIVA
23	1116,75	B82387176 ARRIVA
24	495,75	B82387176 ARRIVA
		CLUB ESCOLA XIMNASIA
Rect-Emit- 7	136,00	G70422738 FERROLTERRA

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 6/2018 por un importe total de 32.435,06 € condicionando a súa efectividade, en todo caso, á aprobación definitiva do expediente modificativo de créditos 8/2018, subexpediente de suplemento de crédito nº 1/2018 e entrada en vigor desa modificación orzamentaria.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer dos gastos e recoñecer as obrigas a favor do provedores, polos importes que se especifican e con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e ordenar o pagamento relativo á relacións de facturas seguinte, por importe de 32.435,06 euros:

Fecha entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre
22/12/2017	11 1726	31/10/2017	3112,12	B70138763	APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS, S.L.
29/12/2017	FAC 93	30/11/2017	3417,90	B15896608	AREA SERVICIO VILAR DO COLO SL
29/12/2017	Emit- 8	29/12/2017	102,00	G70422738	CLUB ESCOLA XIMNASIA FERROLTERRA
31/12/2017	FER- 680	31/12/2017	597,40	G15103500	FEDERAC.GALEGA ATLETISMO
29/12/2017	418/01	29/12/2017	266,20	B70262019	AMOROSO E ASOCIADOS, S.L.
23-03-2018	FE17321248639653	09-11-2017	929,06	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
23-03-2018	FE17321250538954	05-12-2017	1382,73	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
23-03-2018	FE17321245172861	04-10-2017	779,65	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
23-03-2018	FE18321253537447	05-01-2018	1809,60	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS
03/01/2018	999	31/12/2017	172,50	B82387176	ARRIVA
19/01/2018	Rect-Emit- 1264	22/12/2017	154,00	J70283163	RECORDANDO ESTIMULACION COGNITIVA, S.C.
19/01/2018	Rect-Emit- 1263	22/12/2017	2598,64	J70283163	RECORDANDO ESTIMULACION COGNITIVA, S.C.
30/01/2018	149-07-17	18/07/2017	74,80	32642755M	Mº LORENA BRAGE LAMAS (FLORISTERIA LOTO)
30/01/2018	152-09-17	28/09/2017	74,80	32642755M	Mº LORENA BRAGE LAMAS (FLORISTERIA LOTO)
30/01/2018	158-12-17	09/12/2017	35,20	32642755M	Mº LORENA BRAGE LAMAS (FLORISTERIA LOTO)
12/03/2018	A 1976	25/11/2017	2794,20	B15350176	HIERROS SANTOS,SL
02/04/2018	A2454	27/12/2017	111,91	36081216N	REY SUAREZ MARINA
02/04/2018	A2455	27/12/2017	111,91	36081216N	REY SUAREZ MARINA
11/04/2018	Emit- 17	15/12/2017	58,06	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.
11/04/2018	Emit- 18	15/12/2017	115,21	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.
11/04/2018	Emit- 19	30/12/2017	20,85	B15377351	FERRETERIA SAR, S.L.
10/01/2018	Emit- 254	08/01/2018	134,78	V78652203	CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRAFICOS
29/01/2018	20	25/01/2018	367,50	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	21	25/01/2018	2155,45	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	22	25/01/2018	2538,89	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	23	25/01/2018	1116,75	B82387176	ARRIVA
29/01/2018	24	25/01/2018	495,75	B82387176	ARRIVA
02/03/2018	2018 2071	27/02/2018	5711,20	B15405772	JOSE BOUZA E FILLOS, S.L.
02/03/2018	Emit- 88	02/03/2018	660,00	B15864671	AMBULANCIAS APOSTOL CORUÑA
02/03/2018	Emit- 89	02/03/2018	400,00	B15864671	AMBULANCIAS APOSTOL CORUÑA
04/05/2018	Rect-Emit- 7	03/05/2018	136,00	G70422738	CLUB ESCOLA XIMNASIA FERROLTERRA

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

6. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 1/2018



Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 28.05.2018 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de modificación de créditos 8/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 8/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 32.435,06 euros co seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

Aplicación	Descrición	Importe
2018 130 22701	Seguridade, traballos	1060,00
2018 132 22103	Policía Local, combustible	297,05
2018 135 22103	Protección civil, combustible	42,00
2018 136 22103	Contra o lume, combustible	25,00
2018 1621 22103	Recollida do lixo, combustible	952,77
2018 163 22103	Limpeza viaria, combustible	411,43
2018 164 22799	Cemiterios, outros traballos	6846,84
2018 171 22103	Xardins, combustible	72,50
2018 231 22799	Asistencia Social, outros traballos	3018,84
2018 241 21000	Emprego, infraestructuras e bens naturais	2794,20
2018 241 22002	Emprego, material informático non inventariable	115,21
2018 323 22700	Centros ensino, limpeza	3112,12
2018 3321 22799	Biblioteca, outros traballos	134,78
2018 334 22100	Promoción cultural, enerxía eléctrica	4901,04
2018 334 22601	Promoción cultural, atencións protocolarias	35,20
2018 334 22799	Promoción cultural, outros traballos	5711,20
2018 341 22799	Promoción deportiva, outros traballos	835,40
2018 342 21200	Instalacións deportivas, construcións	78,91
2018 453 22103	Estradas, combustible	1617,15
2018 912 22601	Órganos de goberno, atencións protocolarias	149,60
2018 920 22699	Administración xeral, gastos xurídicos	223,82

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo AO remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 32.435,06 €.

O importe total da modificación proposta ascende a 32.435,06 €.



2º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Asinado polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, en Fene o 23 de maio de 2018."

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, anuncia que facilitará a probación deste punto dado que se trata dun suplemento de crédito para pagar as facturas aprobadas.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene), e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos 8/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 32.435,06 euros co seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

Aplicación	Descrición	Importe
2018 130 22701	Seguridade, traballos	1060,00
2018 132 22103	Policía Local, combustible	297,05
2018 135 22103	Protección civil, combustible	42,00
2018 136 22103	Contra o lume, combustible	25,00
2018 1621 22103	Recollida do lixo, combustible	952,77
2018 163 22103	Limpeza viaria, combustible	411,43
2018 164 22799	Cemiterios, outros traballos	6846,84
2018 171 22103	Xardins, combustible	72,50
2018 231 22799	Asistencia Social, outros traballos	3018,84
2018 241 21000	Emprego, infraestructuras e bens naturais	2794,20
2018 241 22002	Emprego, material informático non inventariable	115,21
2018 323 22700	Centros ensino, limpeza	3112,12
2018 3321 22799	Biblioteca, outros traballos	134,78
2018 334 22100	Promoción cultural, enerxía eléctrica	4901,04
2018 334 22601	Promoción cultural, atencións protocolarias	35,20
2018 334 22799	Promoción cultural, outros traballos	5711,20
2018 341 22799	Promoción deportiva, outros traballos	835,40
2018 342 21200	Instalacións deportivas, construcións	78,91



Aplicación	Descrición	Importe
2018 453 22103	Estradas, combustible	1617,15
2018 912 22601	Órganos de goberno, atencións protocolarias	149,60
2018 920 22699	Administración xeral, gastos xurídicos	223,82

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo AO remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 32.435,06 €.

O importe total da modificación proposta ascende a 32.435,06 €.

2º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

7. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía da implantación do servizo de punto limpo, da súa forma de xestión, convenio regulador e do seu regulamento

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 29.05.2018 por 7 votos a favor (3 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 1 abstención do grupo Mixto municipal:

"MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE CABANAS PARA O SOSTEMENTO COMPARTIDO DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO E O SEU REGULAMENTO

Os Concellos de Fene e Cabanas son cotitulares dun punto limpo no polígono industrial de Vilar do Colo.

A dita instalación constitúe un paso adiante no cumprimento das obrigas municipais na recollida e selección de residuos, xa que, como establece a Lei 10/2008 de residuos de Galicia correspóndelle aos municipios implantar sistemas de recolla selectiva de residuos urbanos ou municipais que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

Mediante o punto limpo amplíase a recollida selectiva de residuos domésticos municipal, xa que se erixe como un centro de recepción, de almacenaxe e de selección de residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria.

Deste xeito búscase mellorar a calidade da recollida selectiva de residuos. Unha mellor xestión desta recollida permite unha mellor valorización e, polo tanto, unha diminución dos custes asociados á xestión dos colectores verde e amarelo, ao favorecer o menor depósito de impropios neles e a correspondente penalización en custes que supón ás arcas municipais.

O convenio que se presenta para a súa aprobación non conta con carácter contractual, xa que o seu contido non se atopa comprendido dentro dos contratos regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O convenio cumpre co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, conforme se acredita no informe favorable de secretaría e intervención emitido o 24.05.2018.



En base ao que antecede e vistas as competencias plenarias establecidas no artigo 22 LBRL, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Aprobar a implantación do servizo do punto limpo de Vilar do Colo mediante xestión indirecta e conxunta co Concello de Cabanas conforme ao Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo que se incorpora como anexo I a esta Proposta.

SEGUNDO.-Aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento do punto limpo de Vilar do Colo incluído no Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo que se incorpora como anexo I a esta Proposta.

TERCEIRO.- Abrir un período de información pública á aprobación inicial do Regulamento mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor o Regulamento o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.3 da LBRL.

Fene, 24 de maio de 2018

O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E O CONCELLO DE CABANAS PARA O SOSTEMENTO COMPARTIDO DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO

En Fene, de 2018.

REUNIDOS

Dunha parte, o alcalde do Concello de Fene, Gumersindo Pedro Galego Feal, con N.I.F. 76.404.133-L, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Germán Castrillón Permy, con N.I.F. 32.626.020-Z, en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste Convenio para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo.



EXPOÑEN

-Os Concellos de Fene e Cabanas son copropietarios dun punto limpo sito no polígono industrial de Vilar do Colo, segundo consta en acta de recepción de 19.12.2013.

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

-O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade de que as administracións públicas asinen convenios interadministrativos para un fin común e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercizo de competencias propias ou delegadas.

- O artigo 60 da Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas habilita a posibilidade de que as entidades locais galegas poidan formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desenvolvemento conxunto de tarefas públicas da súa competencia, facendo aportación de organización, medios persoais, materiais ou recursos financeiros.

-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece que as entidades do sector público poderán cooperar entre sí mediante convenios nos que acorden a realización conxunta de contratacións específicas.

Por todo o sinalado, coa finalidade de poñer en funcionamento o punto limpo de Vilar do Colo, os alcaldes asinantes suscriben este convenio en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular as relacións entre os Concellos de Fene e Cabanas respecto da forma de xestión conxunta do punto limpo de Vilar do Colo sito no polígono industrial de Vilar do Colo do que son copropietarios.

Segunda.-Forma de xestión

Os Concellos de Fene e Cabanas acordan a xestión conxunta indirecta do servizo común nomeado punto limpo de Vilar do Colo que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente.

Na licitación terase en conta a inclusión de cláusulas sociais segundo o establecido na lexislación vixente.

Terceira.-Entidade contratante

O procedemento de contratación será administrado polo Concello de Fene en nome e por conta do Concello de Fene e o Concello de Cabanas, tendo ambas entidades a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.

As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Fene, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.

Cuarto.- Adhesión doutros Concellos

A colaboración con outros Concellos de cara ao uso compartido das instalacións e correspondente financiación conxunta da xestión deberá ser obxecto de convenio de colaboración a suscribir co Concello de Fene e o Concello de Cabanas.

Quinto.-Regulamento

Coa finalidade de levar a cabo a contratación do servizo os Concellos de Fene e Cabanas aprobarán un regulamento de uso do punto limpo que servirá de base para a elaboración do estudo económico-financieiro do servizo e a elaboración dos pregos de prescricións técnicas da contratación.



A tal efecto, os Concellos someterán á aprobación dos seus respectivos plenos o regulamento que se incorpora como anexo I a este convenio no prazo máximo de dous meses dende a aprobación deste convenio, previo cumprimento do estipulado no artigo 133 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sexta.-Obrigas económicas

As obrigas económicas derivadas da xestión conxunta do punto limpo serán especificadas nun convenio de posta en funcionamento da instalación, unha vez feito o estudo económico da súa explotación.

Sétima.-Comisión de seguemento.

Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguemento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas de ambos Concellos, asistidos, no seu caso, dos respectivos funcionarios de habilitación nacional de ambos Concellos.

As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- Avaliación dos resultados de execución do convenio
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio
- Resolución de problemas de execución do convenio
- Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo
- Estudo das propostas de modificación contractuais do servizo no caso de que supoñan elevación do custe económico do contrato
- Acordo sobre as prórrogas da concesión do servizo

Oitava.-Duración e entrada en vigor

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración de catro anos.

Esta duración vinculará financeiramente a ambas entidades, polo que, no caso de que algún dos Concellos asinantes queira non prorrogar o servizo dentro do citado período de catro anos, deberá indemnizar á outra parte polos custes soportados.

ANEXO I

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Definición

O Punto Limpo enclávase no Polígono Industrial de Vilar do Colo de titularidade dos Concellos de Fene e Cabanas. É unha instalación onde se reciben, previamente seleccionados, certos tipos de residuos domésticos, que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos urbanos. Constitúe, por tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro de recepción, de almacenaxe e de selección de residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria.

Non se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos, para ser posteriormente trasladados a outros lugares a través de transportistas e xestores autorizados.

As características do Punto Limpo de Fene son as seguintes:

- Atópase localizado nas proximidades do núcleo urbano con boas posibilidades de comunicación e de fácil acceso para vehículos particulares e camións. Conta con abastecemento de auga e de enerxía eléctrica.
- A distribución interna é a seguinte: zona para acceso dos vehículos particulares e camións de retirada de residuos, oficina, zona de grandes colectores, zona cuberta de colectores pequenos adecuada para residuos perigosos e caseta pechada por 3 lados para o almacenamento cuberto de RAEE, con sistema de recollida de derrames.

Artigo 2. Obxectivos



O sistema de recollida a través do Punto Limpo responde a varios obxectivos:

- O obxectivo fundamental é servir á cidadanía como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario, favorecendo deste xeito as taxas de reciclaxe dos respectivos municipios.
- Evitar a vertedura incontrolada dos residuos de grande tamaño (entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos) que non poden ser xestionados por medio dos servizos convencionais de recollida de lixo.
- Aproveitar aqueles materiais contidos nos residuos urbanos que poden ser reciclados directamente, e conseguir con iso un aforro en materias primas e de enerxía, así como unha cantidade de residuos que é necesario tratar e/ou eliminar.
- Separar os residuos perigosos que se xeran nos fogares, cuxa eliminación conxunta co resto do lixo urbano ou mediante a vertedura á rede de saneamento supón un risco para os operarios destes servizos, pode danar as instalacións de tratamento ou eliminación e contribúe á contaminación do medio ambiente.
- Crear unha conciencia de selección e de recuperación dos nosos propios residuos.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

O Punto Limpo de Vilar do Colo sitúase na rúa F, parcela H2, no Polígono Industrial de Vilar do Colo. Os preceptos do presente regulamento son de aplicación ao Punto Limpo, ás súas instalacións, elementos e mobiliario.

Artigo 4. Servizos que presta o Punto Limpo

Os servizos e medios do Punto Limpo son os que a continuación se citan:

- Clasificar os residuos e recibir residuos previamente clasificados pola persoa usuaria, para o seu posterior transporte aos lugares axeitados para tratalos.
- Informar ás persoas usuarias sobre a actividade do Punto Limpo: residuos aceptados, cantidades, horarios...
- Controlar os residuos que se depositan.
- Elaborar estatísticas sobre o uso das instalacións.
- Manter e xestionar as instalacións pertencentes ao Punto Limpo.

Artigo 5. Residuos admisibles e non admisibles

Establécense estes termos co obxecto de facilitar un mellor coñecemento do que é o Punto Limpo, mais debe terse sempre presente que o seu obxectivo é proporcionar un servizo aos domicilios e aos pequenos xeradores destes residuos, e en ningún caso ás actividades industriais. Para o adecuado funcionamento do Punto Limpo será necesaria unha admisión correcta dos residuos, de forma que non se produza unha almacenaxe de residuos non aceptados no Punto Limpo. Todos os residuos que non se especifiquen como admisibles neste regulamento serán rexeitados e será obriga da persoa usuaria a súa xestión. A/o operaria/o poderá non aceptar a recollida dun residuo cando este non sexa considerado admisible polos servizos técnicos municipais.

Estas restricións establécense debido a que o Punto Limpo é para uso exclusivo da cidadanía e non é apto para os usos das industrias nin grandes xeradores de residuos.

Os residuos deben estar perfectamente separados, nunca mesturados. Non se poderá depositar residuos considerados perigosos como os procedentes dos hospitais, nin animais mortos ou obxectos non identificados.

Serán residuos admisibles no Punto Limpo, nas cantidades que se indican, os sinalados a continuación:

Tipo de Residuo	Observacións	Cantidade máxima por usuario e ano
Madeira	Que conteña pequenas cantidades de	Sen límite



	metais (puntas, bisagras, etc...)	
	Mobles de madeira con plásticos e vidros	2 ud.
Entullos de obra	Obra doméstica. No caso de contratar a obra a unha empresa esta debe facerse cargo do residuo	80 kg.
Ferralla	Todo tipo de metais	Sen límite
Voluminosos	Colchóns, Sofás, Mobles que non sexan de madeira, etc...	2 ud.
Electrodomésticos	Frigoríficos, Conxeladores, Equipos de Frío, Ordenadores, Tv, pequenos electrodomésticos, ..	Sen límite
PVC e Plásticos que non sexan envases		10 kg.
Plásticos Agrícolas	Embalados e limpos de residuos	Sen límite
	Sen embalar ou sucios	Non se recollen
Aceite Vexetal	Aceites vexetais domiciliarios e aceites de cociña	Sen límite
Aceite Mineral	Sen recipiente - baleirado no colector do punto limpo	Sen límite
	En recipientes	1 recipiente
Aerosois		5 uds.
Baterías		Sen límite
Filtros		1 ud.
Fluorescentes, lámpadas		Sen límite
Pilas		Sen límite
Termómetro	De produción doméstica	2 uds.
Envases, latas e bricks		Sen límite
Papel ou cartón		Sen límite
Vidro		Sen límite
Textil		Sen límite
Disolventes e pinturas líquidas ou pastosas e secas		1 envase de 25 litros ou 2 envases de inferior capacidade
Tóner		2 uds.
Radiografías	De produción doméstica	Sen límite
Pneumáticos	Non se admiten pneumáticos de máis de 1400 mm de diámetro	4 uds.
Xardinaria	Césped, setos, arbustos e pequenas podas domésticas	Sen límite

Estas limitacións poderán excederse no caso en que así se recolla expresamente en convenios e acordos existentes entre o Concello e outras entidades.

Se a capacidade do punto limpo se vise comprometida poderase establecer unhas limitacións superiores, durante un período de tempo prudencial. Neste suposto informarase das ditas limitacións e do período de tempo mediante un cartel ben visible na entrada do punto limpo.

Serán residuos non admisibles no Punto Limpo os sinalados a continuación:

Residuos non admisibles no Punto Limpo

Materiais sen clasificar



Materia orgánica

Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios ou citotóxicos

Residuos radioactivos (Pararraios...)

Residuos industriais de grandes e medianas empresas: as grandes e medianas empresas xa teñen establecido un sistema correcto de xestión dos residuos que producen.

Residuos agrícolas ou gandeiros (agás os plásticos agrícolas nos termos establecidos neste regulamento)

Animais mortos ou restos biolóxicos

Residuos xerados por actividades mineiras ou extractivas

Produtos procedentes de comisos

Medicamentos ou os seus envases

Recipientes voluminosos metálicos ou plásticos de aproximadamente 25 litros ou superiores que contivesen produtos tóxicos ou perigosos

Materiais explosivos ou inflamables

Calquera outro residuo que non sexa facilmente identificable e clasificable na categoría de admisible

Artigo 6. Forma de presentación dos residuos

Para a recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán entregarse de acordo ás seguintes normas de presentación:

- ✓ Fluorescentes e lámpadas: deberán acondicionarse de tal forma que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguranza para as persoas encargadas da manipulación dos residuos e ao medio ambiente.
- ✓ Pilas: deberán separarse os diferentes tipos de pilas, ben sexan de botón, salinas ou alcalinas.
- ✓ Terras e cascallos: debido á natureza destes residuos, deberán presentarse en sacos ou bolsas pechados de 25 quilos como máximo.
- ✓ Aceites vexetais: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico e tomándose as medidas necesarias para evitar derramos, sobre todo en caso de transvasamentos. En caso ningún poderanse mesturar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou outro de natureza mineral.
- ✓ Baterías: deberán levar pechados os depósitos que conteñen os ácidos para evitar o seu vertido e o risco de queimaduras dos operarios.
- ✓ Plásticos agrícolas: presentaranse libres de restos orgánicos e debidamente pregados para reducir o seu volume.
- ✓ Disolventes, pinturas e vernices: prohíbese a mestura de substancias e evitárase o seu vertido, sobre todo no caso de transvasamentos de recipientes.
- ✓ Frigoríficos e electrodomésticos con CFC: entregaranse sen que se produza a quebradura do circuíto de refrixeración.
- ✓ Xardinería: o céspede e pequenas podas deberán presentarse en sacos ou bolsas pechados de 25 quilos como máximo.
- ✓ Madeira e ferralla: procurarase, na medida do posible, compactar ao máximo o seu volume, de xeito que ocupen o menor espazo posible.

Artigo 7. Persoas usuarias do punto limpo

Considéranse persoas usuarias do servizo as persoas residentes ou que desenvolvan unha actividade no Concello de Fene e fagan uso dalgún dos servizos contemplados neste Regulamento de conformidade co establecido nel.

Terán a condición de residentes aos efectos deste regulamento: os empadroados, os titulares catastrais e os arrendatarios.



O Punto Limpo estará ao dispor de todos/as usuarios/as que acheguen os residuos admitidos por este Regulamento, nas cantidades máximas e nas condicións indicadas neste.

Os residuos que procedan da actividade industrial deben ser entregados polos produtores directamente ás empresas xestoras autorizadas.

As persoas usuarias terán, con carácter xeral, as seguintes obrigas:

- ✓ Poñer os residuos a disposición do Concello, debidamente separados nas fraccións que se indican no presente Regulamento e nas condicións que se establecen en cada unha.
- ✓ Utilizar os colectores que, en cada caso, se determine de conformidade coa normativa legal vixente e o presente Regulamento.
- ✓ Os residuos deixaranse ordenados de maneira que se minimize o seu volume.
- ✓ Prohíbese terminantemente deixar residuos fóra dos lugares debidamente habilitados para isto.
- ✓ Queda terminantemente prohibido fumar nas instalacións do Punto Limpo.

Artigo 8. Proceso de aceptación dos residuos

8.1. Para que o servizo que se presta no punto limpo sexa o axeitado, as persoas usuarias deberán achegar os residuos previamente separados.

8.2. Cando a persoa usuaria chegue ao centro deberá identificarse mediante a presentación do D.N.I. ao encargado e demais documentación que, de proceder, o identifiquen como usuario nos termos deste regulamento, debendo declarar o contido do que pretende entregar.

8.3. O encargado comprobará a identidade da persoa e avaliará os residuos que se pretenden depositar, facendo as inspeccións que considere oportunas sobre a natureza dos mesmos e a súa presentación, podendo denegar o servizo polos motivos seguintes:

- Por tratarse de residuos non admisibles no punto limpo.
- Por non ter o solicitante a condición de persoa usuaria (por exemplo, tratarse de actividades industriais).
- Por non presentarse os mesmos axeitadamente.
- Por teren un volume incompatible coa capacidade do punto limpo.
- Por exceder das cantidades por usuario indicadas no presente Regulamento.
- Por calquera outra razón que figure no presente Regulamento ou resultase incompatible co bo funcionamento do servizo, previa xustificación razoada.

8.4. O encargado informará ás persoas usuarias sobre a forma de realizar o depósito de cada un dos residuos e a localización dos diferentes colectores, controlando que o depósito sexa realizado de xeito correcto, evitando a caída dos residuos fóra dos colectores habilitados e retirando calquera material que dificulte o tránsito de vehículos e o depósito dos residuos.

8.5. Antes de que os colectores estean cheos, o encargado dará aviso aos xestores ou transportistas designados para a retirada ou traslado dos residuos ás diferentes instalacións de reciclaxe ou centros de eliminación, en tanto non existan instalacións para a súa reciclaxe.

8.6. Os transportistas que realicen os portes dos residuos deberán seguir as indicacións da persoa operaria do centro, que supervisará os seus labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos e que teñen a licenza para realizar ese traballo.

8.7. Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello.

8.8. O tempo máximo de almacenamento dos residuos, segundo establece a normativa vixente (Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados), será de 2 anos para os residuos non perigosos e 6 meses para os residuos perigosos.



Artigo 9. Rexistro e documentación obrante no punto limpo

Crearase un rexistro de entrada e saída no Punto Limpo.

O rexistro de entrada estará composto de fichas persoais que se cubrirán cada vez que unha persoa usuaria realice un depósito no Punto Limpo. Cada ficha será para cada persoa e para cada residuo. Así unha persoa que deposite dous residuos distintos cubrirá dúas fichas de depósito.

Para comprobar a reiteración na utilización do punto limpo e poder determinar o seu uso, requirirase o D.N.I. das persoas usuarias, deixando constancia dos seus datos no libro rexistro.

Para a xustificación da condición de usuario do punto limpo deberase exhibir o DNI e, de proceder, certificado de empadronamento, documentación acreditativa da titularidade catastral ou contrato de aluguer.

Deberanse cubrir os datos persoais da persoa usuaria, os datos referentes ao residuo e as cantidades entregadas, e a/o operaria/o do Punto Limpo asinará cada ficha de recollida.

Ademais, levarase un rexistro de saída co obxecto de ter información dos movementos e destino dos residuos do punto limpo. Neste caso anotarase en cada ficha, alo menos, datos referentes aos residuos e as cantidades que saen do punto limpo e o seu destino.

Dos datos consignados no citado libro darase conta regularmente ao Concello e as outras Administracións con competencias na materia.

As informacións contidas no mencionado libro de rexistro quedarán sometidas ás normas xerais de protección de datos, sen que poidan ser utilizadas para outros fins que os propios do servizo

No punto limpo atoparase, a maiores do libro rexistro sinalado, a seguinte documentación:

- Copia do presente Regulamento, a disposición de todas as persoas usuarias que o demandaren.
- Rexistro de incidencias e información, de carácter anual, que permanecerá en posesión do xestor durante, cando menos, os catro anos seguintes, e recollerá a seguinte información: número de visitas diarias, tipo de residuos achegados por visita, cantidade de cada tipo de residuo, incidencias, xestor autorizado a quen se lle entrega cada residuo, xustificante das ditas entregas, cantidade de cada entrega, documentación dos transportes.
- Libro de reclamacións e suxestións.

Artigo 10. Horario do punto limpo

O Punto Limpo cubrirá un servizo de recollida conforme a un horario prefixado que se porá en coñecemento de todas as persoas usuarias polos medios oportunos.

Nos carteis ou paneis indicadores reflectirase de forma clara o horario de apertura e peche.

Artigo 11. Destino final dos residuos

O destino final dos residuos admitidos polo Punto Limpo será xestionado polo Concello segundo indique a lexislación vixente e da forma máis axeitada dependendo da natureza dos residuos. O destino final dos residuos poderá ser modificado polo Concello sempre que con iso se melloraren as condicións de reciclaxe e/ou de tratamento.

O Concello poderá autorizar discrecionalmente a retirada de material do Punto Limpo, sometendo a autorización ás condicións que estime oportunas. O Concello non garante a seguranza nin a salubridade do produto retirado así como a súa idoneidade para o uso desexado, polo que se exime de calquera responsabilidade que puidese xerarse.

Os residuos cederanse a un xestor autorizado, logo do documento de aceptación deles. O transporte dos residuos realizarase por un transportista autorizado e inscrito no rexistro de transportistas de residuos correspondente.



Artigo 12. De protección do Punto Limpo

O uso indebido das instalacións, os actos que causen danos ás infraestruturas, ao mobiliario e ás instalacións e o abandono de residuos na entrada do Punto Limpo sancionaranse de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos e de protección dos bens municipais, sen prexuízo da aplicación do título II da presente regulamentación. Ademais, os custos de reparación ou de reposición das instalacións ao seu primitivo estado, que puidesen ser necesarios correrán a cargo do infractor.

Artigo 13. Dereitos e obrigas das persoas usuarias do punto limpo.

13.1. As persoas usuarias terán dereito a:

- Facer uso do servizo e depositar os residuos permitidos de xeito separado e nas condicións e cantidades máximas permitidas por este Regulamento.
- Ser informadas do funcionamento xeral das instalacións e coñecer o destino final dos residuos que deposite.
- Presentar reclamacións e formular suxestións.
- Os demais que se deriven do presente Regulamento.

13.2. As persoas usuarias terán as obrigas seguintes:

- Identificarse a instancia do persoal do punto limpo para os efectos de control do tipo e cantidade máxima dos residuos depositados permitidos.
- Informar ao persoal do punto limpo do tipo e cantidade dos residuos que pretende depositar.
- Non depositar residuos fóra do horario establecido nin en lugares distintos aos sinalados para o seu depósito.
- Atender as indicacións do persoal do punto limpo.
- As demais que se recollen no presente Regulamento.

13.3. A persoa encargada do punto limpo prohibirá:

- A entrega de residuos non procedentes de domicilios particulares, salvo nos casos permitidos por este Regulamento.
- O depósito de residuos non permitidos.
- O depósito de residuos diferentes mesturados.
- O depósito fóra dos colectores específicos.
- O depósito en cantidades superiores ás admisibles.
- Ocultar residuos de carácter perigosos dentro de bolsas ou sacos.
- O abandono de residuos de calquera tipo na porta das instalacións.
- Calquera tipo de incineración de residuos dentro do punto limpo.
- Fumar dentro das instalacións

TÍTULO II.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

Artigo 14. Infraccións

Calquera incumprimento das normas do presente regulamento considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en moi graves, graves e leves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

- a) Depositar calquera tipo de residuos que non se encontre establecido na presente ordenanza.



- b) Depositar mesturados os diferentes residuos.
- c) Depositar residuos fora do contedor específico.
- d) Calquera incumprimento das disposicións deste regulamento que non estea cualificado como grave ou moi grave, e en especial as desobediencias ás instrucións do persoal encargado do punto limpo.

2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- b) Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.
- c) A reincidencia na comisión de dúas faltas leves.

3.- Consideraranse infraccións moi graves:

- a) A reincidencia na comisión de dúas faltas graves.

Artigo 15. Sancións

As infraccións previstas neste regulamento serán sancionadas de acordo coa súa gravidade:

- a) Infraccións leves: con apercibimento e/ou multa de 100 a 500 euros.
- b) Infraccións graves: con multa de 500,01 a 750 euros.
- c) Infraccións moi graves: con multa de 750,01 a 1.500 euros.

Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, o infractor estará obrigado á restitución das cousas e á reposición ó seu estado anterior, coa indemnización de danos irreparables e perdas causadas no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente. Poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e á súa costa.

En todo caso a restitución comporta a obriga de lle devolver á Administración a totalidade do beneficio ilícitamente obtido.

Artigo 16. Gradación das sancións

As sancións deberán gardar proporcionalidade coa gravidade dos feitos constitutivos da infracción e atendendo ós seguintes criterios:

- a) Neglixencia e intencionalidade do suxeito infractor
- b) O incumprimento das advertencias previas da administración
- c) O prexuízo causado e o beneficio obtido coa actividade infractora
- d) A natureza do residuo
- e) A reiteración ou reincidencia
- f) O perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

A efectos da presente ordenanza, entenderase como reiteración a comisión de máis dunha infracción de distinta natureza no prazo dun ano desde a comisión da primeira cando así fose declarado por resolución que poña fin á vía administrativa.

Entenderase por reincidencia a comisión de máis dunha infracción da mesma natureza no prazo de dous anos desde a comisión da primeira cando así fose declarado por resolución que poña fin á vía administrativa.

Artigo 17. Prescricións.

17.1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as sancións impostas por faltas graves aos dous anos e as sancións impostas por faltas moi graves aos tres anos.

17.2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

17.3. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación,



con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 18. Procedemento sancionador

O procedemento sancionador será o regulado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A sanción das infraccións administrativas previstas no presente regulamento correspóndelle ó Alcalde.

Disposición adicional

A promulgación futura de normas con rango superior ó presente regulamento que afectaren ás materias reguladas determinará que se apliquen automaticamente aquelas e que se adapte posteriormente o regulamento no que fora preciso.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrer o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación.

Non obstante, a súa efectiva aplicación está supeditada á entrada en funcionamento do Punto Limpo de Vilar do Colo.”

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, indica que o seu grupo alégrase moito de que o que hai uns meses non era válido hoxe se traia a este Pleno sen absolutamente ningunha modificación, así que, polo tanto, anuncia o voto a favor do regulamento que fixeron hai uns meses. Engade que consideran que é un asunto prioritario para Fene e para toda a comarca.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, lembra en xuntas de voceiros mantiveron que o texto era mellorable nalgúns aspectos, e que na comisión informativa anterior a este Pleno reduciron as súas achegas a dúas cuestións que cren básicas para os veciños e veciñas. Unha que o regulamento contemplara a obrigatoriedade de que este servizo abriera en horario de tarde e os sábados. E outra incluír ás sociedades de Fene como entes que poidan depositar os residuos no Punto Limpo. Di que é certo que os directivos ou socios poden depositalos ao seu nome, pero durante o ano se atopará limitado para facer depósitos particulares. Entenden que é unha característica específica de Fene que se debe atender dado o número de sociedades existentes que teñen local e un nivel de funcionamento importante. Di que o grupo socialista en todo caso vai seguir solicitando que estas dúas cuestións se poida mirar de incluílas no regulamento. Recalca que para o seu grupo a posta en marcha do Punto Limpo é unha prioridade no senso de que é un servizo necesario para os veciños e veciñas do Concello de Fene, e que non manterán ningunha obstrución, pero queren que esta vontade de colaboración se traduza en sensibilidade por parte de quen hoxe ten o goberno para que se dean fórmulas polas que se poidan introducir as cuestións que presenta o partido socialista e leva presentando desde o principio.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, confirma o dito anteriormente polo voceiro do BNG, Juventino Trigo, sobre que podería terse aprobado este regulamento hai uns meses e agora vén a este Pleno sen modificacións. Di alegrarse de que, aínda que tarde, chegue, e anuncia o voto a favor.

O alcalde, Gumersindo Galego, indica que se alegra de que se alegren os grupos do BNG e Mixto. Indica que isto xa veu a un Pleno hai catro anos e aínda están nas mesmas, polo tanto no teñen que felicitarse do traballo feito por eles nin por o propio goberno, senón do traballo feito polos técnicos. Di que ao actual goberno lle sobraron tres meses e que o traballo non o tiña feito o BNG, que o que había era o regulamento que xa foi aprobado polo Concello de Cabanas, e que agora vén un convenio co regulamento, que non o fixo o BNG nin tampouco o PP, senón os técnicos deste Concello, que saben dar solución inmediata a algo que dixo o voceiro do BNG que aos seis meses de entrar na alcaldía o tería listo e non o tiña. Reitera que ao seu grupo non lle gusta este modelo de xestión, porque recae enriba do Concello de Fene toda a xestión do Punto Limpo, cando se as cousas van ben se unirán posteriormente os Concellos de Ares, Mugardos e posiblemente Neda, e temos un



órgano que é a Mancomunidade de municipios da ría que podía, como eles tiñan acordado no seu momento, xestionar o Punto Limpo de forma moi eficiente. Engade que despois pasará, como xa está pasando, que o Concello de Ares se pon ao fronte da depuradora de augas do sur da ría, se queda con pufos que o voceiro do BNG non pagou, nin o ano 2016 nin o ano 2017, ou xestionan Ares e Mugardos unha piscina e despois teñen problemas. Pregúntase que necesidade tiña o Concello de Fene de entrar en trifulcas que posiblemente se xerarán con outros concellos. Cre que ningunha, que esas trifulcas se existen, debера resolvelas a Mancomunidade de municipios da ría. Polo tanto, di que se alegra de que se poña en marcha un servizo que leva catro anos parado e que o voceiro do BNG foi incapaz de botar adiante e eles o botaron en dous meses. Engade que esa é a diferenza entre o traballo e o non traballo. Recalca que o Pleno leva 14 puntos na orde do día e que co BNG estaban saíndo ás seis e media.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, afirma que non se pode tolerar a ninguén que minta e que sexa un demagogo. Afirma que o alcalde oculta neste Pleno que nin o seu propio partido lle autorizou a xestionar o Punto Limpo como quixo cando estaba no goberno, que nin a Deputación nin a Xunta naquel momento lle deu informe favorable, e que os técnicos deste Concello fixeron informe desfavorable ao que pretendía o goberno do PP porque incumpría todas as normativas, por iso non saíu adiante e a súa proposta, porque o Sr. Galego retrasou o asunto tanto tempo que saíu unha lei que lle impedía levalo adiante segundo ese tipo de xestión. Engade que se se molestara cinco minutos en ler todos os informes que trae hoxe aquí vería que lle están dicindo que é un tipo de xestión que non é legal, e que o goberno do BNG conseguiu, aos seis meses de estar gobernando, desbloquear o asunto na Xunta e na Deputación, e que se non, aínda estaría parado. Indica que ademais conseguiron poñer de acordo a cinco concellos, un máis dos que había antes, para funcionar con este Punto Limpo, e que mantiveron reunións día a día con concellos e outras administracións. Pregunta cantas reunións tivo este alcalde para chegar ata este punto, e sinala que o Punto Limpo podería estar operativo se o PP non entorpecera en varias ocasións a aprobación deste regulamento que estaba publicado na páxina web do Concello de Fene en xuño do ano pasado, xunto co Concello de Cabanas, que dicían que había que modificalo, e que o único que modificou Cabanas foi un parágrafo relativo ás taxas de recollida no punto 2. Explica que este punto quedou aclarado hai tres meses e que o alcalde sabe igual ca el que este regulamento se levou a estudo a comisión informativa e tiña adxunto o convenio que di o Sr. Galego que non hai, e que eles votaron para retirar a cuestión da orde do día. Reitera que hoxe, tres meses despois, veñen aquí exactamente co mesmo documento, sen incluír sequera as modificacións propostas polo partido socialista que dixeron que incluírían.

O alcalde resposta que comprende que a rabia corroa ao voceiro do BNG, pero que lle acaba de chamar mentiroso e demagogo, e que despois non se queixe. Di que o Sr. Trigo é un iluso porque vive de ilusións e de cousas que se monta e que agora quere facer crer aos demais. Explica que se agarra a un informe de Deputación por causa dunha nova normativa para amparar o seu voto hai catro anos para que esta infraestrutura se abra, posto que o convenio da Mancomunidade naquel entón votouno Cabanas, do PP, e nin secretaría nin intervención dixeron nada, votouno Ares, do partido socialista, e nin secretaría nin intervención dixeron nada, votouno Mugardos, que era do BNG, e nin secretaría nin intervención dixeron nada, pero en Fene, naquel momento, para tocar o que había que tocar, non o votaron, e aí quedou, por culpa do BNG. Sinala que agora o Punto Limpo o vai sacar o goberno actual, que ten 9 votos, e que o BNG fará o que estime conveniente.

En referencia á intervención do partido socialista, o alcalde di que lle parecen razoables as dúas propostas deste grupo e que, dado que será Fene quen xestione o Punto Limpo, haberá que dotar o servizo dos medios necesarios para que se poida facer, ben engadíndoo no prego de licitación ou ben mediante unha resolución de alcaldía.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, agradece aos grupos que teñen manifestado o seu acordo coas súas propostas, BNG e PP. Indica que cando lle tocou ao BNG tomar a decisión por estar no goberno, e foi o asunto a comisión, non había ningún texto na carpeta e non había xeito de saber se as súas propostas estaban recollidas ou non. Di que tamén é verdade que nese momento estaban nos tempos que estaban, e que probablemente cando hai unha moción de censura convocada non é o mellor momento para tratar de acadar consensos. Con respecto ao que di o alcalde, o Sr. Noceda agradece as súas palabras, pero o resultado a día de hoxe é que as dúas propostas que os socialistas consideran que melloran o regulamento para os veciños e veciñas de Fene e que teñen o apoio de 14 concelleiros/as do Pleno, non están no texto. Di que se quedan coa boa vontade do BNG e do PP que hoxe ten capacidade executiva para ir buscando encaixe a estas dúas cuestións, e que apoiarán esta proposta.



A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, refírese á intervención do alcalde na que di que o Punto Limpo “o vamos sacar nós porque temos nove votos”, e pregunta onde estaban eses nove votos hai tres meses cando o regulamento era o mesmo.

O alcalde resposta que os nove votos estarían seguramente se cando levou o anterior goberno a comisión o Punto Limpo levara tamén o regulamento, porque aquela carpeta estaba baleira. O Sr. Galego pregunta se está contando algunha mentira, e como van votar unha carpeta baleira.

Intervén o voceiro do BNG, Juventino Trigo, e aclara a intervención do alcalde na que indica que os concellos de Cabanas, Ares e Mugar dos aprobaron a xestión mancomunada do Punto Limpo sen que Secretaría e Intervención dixeran nada. Indica que estes concellos aprobaron este asunto nos meses de novembro ou decembro de 2013, cando se podía facer, pero que o PP de Fene trouxo ese regulamento ao Pleno cre lembrar en marzo de 2014, cando xa estaba en vigor a lei e non se podía facer.

O alcalde dá as grazas pola aclaración e engade que non é así pero que non vai discutir.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar a implantación do servizo do punto limpo de Vilar do Colo mediante xestión indirecta e conxunta co Concello de Cabanas conforme ao Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo que se incorpora como anexo I a esta Proposta.

SEGUNDO.-Aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento do punto limpo de Vilar do Colo incluído no Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo que se incorpora como anexo I a esta Proposta.

TERCEIRO.- Abrir un período de información pública á aprobación inicial do Regulamento mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor o Regulamento o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.3 da LBRL.

8. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de modificación do Regulamento orgánico municipal (ROM)

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 30.05.2018 por 5 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Modificación do ROM municipal



O pasado 03.05.2018 o Pleno municipal adoptou o seguinte acordo:

<<6. Aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal Socialista para a modificación do Regulamento de organización municipal

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal Socialista, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 25.04.2018 por 5 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“Moción do grupo municipal Socialista

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción Urxente para a Modificación do Regulamento de Organización Municipal

ANTECEDENTES

Visto o artigo 91 apartado 4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que regula a presentación das Mocións Urxentes: “4. En las sesiones ordinarias, concluido el examen de los asuntos en el orden del día y antes de pasar al turno de ruegos y preguntas, el Presidente preguntará si algún grupo político desea someter a la consideración del Pleno por razones de urgencia, algún asunto no comprendido en el Orden del Día que acompañaba a la convocatoria y que no tenga cabida en el punto de ruegos y preguntas.

Si así fuere, el Portavoz del grupo proponente justificará la urgencia de la moción y el Pleno votará, acto seguido, sobre la procedencia de su debate. Si el resultado de la votación fuera positivo se seguirá el procedimiento previsto en el artículo 93 y siguientes de este Reglamento.”

Visto a Subsección V.- Das mocións de urxencia, artigo 40 do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Fene. “Moción é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada no Rexistro Xeral por calquera membro da corporación, mediante escrito dirixido ao presidente e no que se motive debidamente a urxencia, suscrito polo voceiro/a do Grupo, ata as trece horas do día anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, salvo casos de forza maior no que se permitirá a presentación no inicio do Pleno.”

Entendendo o artigo 40 do ROM está en evidente contradición co establecido no artigo 91 apartado 4 do Real Decreto 2568/1986.

Entendendo tamén que é de imposible aplicación ao limitar os dereitos dos membros da corporación recollidos no ROF e a maior abundamento está a producir distorsións no funcionamento habitual dos Plenos do Concello de Fene.

Por todo isto propoñemos ao Pleno Municipal do Concello de Fene:

- 1) Se aprobe iniciar os trámites para que se aprobe a substitución do artigo 40 do Regulamento de organización municipal do Concello de Fene segundo o seguinte:

Subsección V.- Das mocións de urxencia, artigo 40 do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Fene. “Moción urxente é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada por calquera grupo político, no que se motive debidamente a urxencia, presentado polo voceiro/a do Grupo Municipal que impulse a iniciativa.

Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na orde do día, e inmediatamente antes do punto de rogos e preguntas, o Presidente preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.



Se así fose, o Voceiro do grupo propoñente xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Si o resultado da votación fose positivo seguirase o procedemento previsto no artigo 34 e seguintes do presente regulamento e no artigo 93 e seguintes do Real Decreto 2568/1986.”

Fene a 5 de abril de 2018
Voceiro Grupo Municipal Socialista
Antón Lois Noceda Carballo”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene), 4 abstencións do grupo municipal do BNG e 1 voto en contra do grupo Mixto.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1) Se aprobe iniciar os trámites para que se aprobe a substitución do artigo 40 do Regulamento de organización municipal do Concello de Fene segundo o seguinte:**

Subsección V.- Das mocións de urxencia, artigo 40 do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Fene. “Moción urxente é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada por calquera grupo político, no que se motive debidamente a urxencia, presentado polo voceiro/a do Grupo Municipal que impulse a iniciativa.

Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na orde do día, e inmediatamente antes do punto de rogos e preguntas, o Presidente preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o Voceiro do grupo propoñente xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Si o resultado da votación fose positivo seguirase o procedemento previsto no artigo 34 e seguintes do presente regulamento e no artigo 93 e seguintes do Real Decreto 2568/1986.”>>

En consonancia co compromiso adquirido no Pleno articúlase unha Proposta da alcaldía que inclúe non só a modificación proposta polo grupo socialista, senón tamén o artigo 18 ROM sobre a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local no sentido de axustalo ao teor do Real Decreto 2568/1986, de tal xeito que sexa a presidencia deste órgano a que fixe o seu réxime de sesións e non o Pleno, xa que ao igual que se fai co resto de órganos municipais, debe recaer nos seus membros a súa potestade de autoorganización, e sendo este un órgano de asistencia á alcaldía, resulta procedente que resida nel a dita competencia.

A proposta formulada polo grupo socialista preséntase cuns pequenos cambios co obxecto de mellorar a redacción do ROF que non atende ao réxime de concelleiros/as non adscritos/as, xa que se trata dunha regulación posterior á súa aprobación e que introducida na Lei de bases do réxime local. Así mesmo, incorpórase a necesidade de que as mocións urxentes sexan aprobadas por maioría absoluta (tal e como dispón o artigo 83 ROF) co obxecto de facilitar a labor dos/as concelleiros/as, que non terán que recurrir a outras disposicións para saber o réxime de aprobación destes asuntos.

Consta informe favorable de secretaría núm. 49/2018 do 24 de maio.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a seguinte modificación do Regulamento orgánico do Concello de Fene:

-Artigo 18, quedará redactado como segue:

“Artigo 18. Da Periodicidade das súas Sesións.

Corresponde ao Alcalde/sa fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.



As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo Alcalde/sa.

O Alcalde/sa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle correspondan."

-Artigo 40, quedará redactado como segue:

"Moción urxente é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada por calquera grupo político, no que se motive debidamente a urxencia, presentado polo voceiro/a do Grupo Municipal ou concelleiro/a non adscrito/a que impulse a iniciativa.

Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na orde do día, e inmediatamente antes do punto de rogos e preguntas, o Presidente preguntará se algún grupo político ou concelleiro/a non adscrito/a desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o Voceiro do grupo propoñente ou concelleiro/a non adscrito/a xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo, por obter maioría absoluta, seguirase o procedemento previsto no artigo 34 e seguintes deste regulamento e no artigo 93 e seguintes do Real Decreto 2568/1986"

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública á aprobación inicial do Regulamento mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor o Regulamento o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.3 da LBRL.

Fene, 24 de maio de 2018

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal"

O alcalde explica que sempre foi costume que as mocións urxentes dun Pleno se tramitaban nese mesmo Pleno, e que por parte do alcalde anterior díxose que non se tramitaría ningunha moción urxente que non fose presentada por rexistro do Concello antes da unha da tarde do día anterior. Engade que o partido socialista presentou unha moción indicando que isto supón unha merma democrática e que foi adiante, polo que se acordou a modificación do ROM no senso de regular a presentación de mocións urxentes no Pleno. Sinala que por parte do PP considerouse unha modificación necesaria porque blindaba o regulamento e a presentación de mocións urxentes fronte a actitudes que pretendían mermar os dereitos de todos os concelleiros desta Corporación. Tamén se modifica o regulamento para que recolla que as mocións urxentes as poden presentar tamén concelleiros/as non adscritos/as, engadindo que non é o caso de Fene, onde non os hai en base a resolución xudicial xa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pero que non está de máis ter esa previsión por se nun futuro puidera pasar. Explica que tamén se reforma o ROM para que sexa o alcalde o que regule, mediante Decreto, o día e a hora na que deben celebrarse as sesións da Comisión de Goberno, porque parece máis lóxico que o goberno se auto-regule e que esa competencia ata agora do Pleno pase á Alcaldía.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, di que non foi o alcalde anterior o que dixo que non se podían presentar mocións urxentes despois da unha da tarde, senón que o dicía o ROM.

O alcalde di que o alcalde anterior, o Sr. Trigo, foi quen o aplicou.



O Sr. Trigo di que si, que o aplicaron no momento en que se presentan ás seis da tarde do día do Pleno, tres, catro e cinco mocións sen ningún tipo de debate e sen ningunha urxencia, e que o resto, presentáronse e saíron adiante sen ningún problema. O voceiro do BNG afirma que ao seu grupo valíalle o ROM como estaba e válelle tamén coa modificación proposta, porque as regras do xogo son para todos, e que se absterán para que saia adiante a proposta sen problema.

O voceiro do PSOE explica que ao seu grupo lle parece máis apropiado que non sexa unha persoa, senón a maioría do Pleno, quen decida se unha moción é urxente ou non é urxente. E que lle parecen razoables as outras dúas modificacións que se engaden ao ROM. E que, dado que lles vale a proposta, votarán a favor.

A voceira do Grupo Mixto, M^a Carmen Rodríguez, indica que xa votou en contra cando se presentou esta proposta porque non comparte os argumentos da mesma, e que manterá o voto en contra.

O alcalde diríxese ao voceiro do BNG e lémbrralle que esta moción entra a este Pleno polo que fixo el, dado que en catro anos, sendo alcalde o Sr. Galego entraron todas as mocións urxentes coma nun coladoiro, e que xamais lle deu para atrás a unha moción que se presentara como urxente no mesmo día do Pleno ás seis da tarde. Polo tanto, afirma que esta modificación legal houbo que facela por culpa do Sr. Trigo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene), 4 abstencións do grupo municipal do BNG e 1 voto en contra do grupo Mixto municipal.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a seguinte modificación do Regulamento orgánico do Concello de Fene:

-Artigo 18, quedará redactado como segue:

“Artigo 18. Da Periodicidade das súas Sesións.

Corresponde ao Alcalde/sa fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.

As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo Alcalde/sa.

O Alcalde/sa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle correspondan.”

-Artigo 40, quedará redactado como segue:

“Moción urxente é a proposta que se somete directamente ó pleno por razóns de urxencia presentada por calquera grupo político, no que se motive debidamente a urxencia, presentado polo voceiro/a do Grupo Municipal ou concelleiro/a non adscrito/a que impulse a iniciativa.

Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na orde do día, e inmediatamente antes do punto de rogos e preguntas, o Presidente preguntará se algún grupo político ou concelleiro/a non adscrito/a desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o Voceiro do grupo proponente ou concelleiro/a non adscrito/a xustificará a urxencia da moción e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo, por obter maioría absoluta, seguirase o procedemento previsto no artigo 34 e seguintes deste regulamento e no artigo 93 e seguintes do Real Decreto 2568/1986”



SEGUNDO.- Abrir un período de información pública á aprobación inicial do Regulamento mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor o Regulamento o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.3 da LBRL.

9. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do proxecto "Mellora de camiños municipais: Buio-Rabadeña", incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía do 31.05.2018 que quedou introducida na orde do día logo de ser ratificada pola unanimidade dos concelleiros/as:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 12.12.2017 o director xeral de Agader aprobou a Resolución para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

O 12.02.2018 mediante Resolución de Alcaldía núm. 175/2018 o Concello de Fene solicitou participar no dito Plan co proxecto "Mellora de camiños municipais: Buio-Rabadeña" redactado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira (RXE nº 189 de 16.02.2018).

O 29.05.2018 o enxeñeiro de camiños, canles e porto municipal emite informe en relación ao proxecto que di: "(.../...) 8.- *As obras proxectadas cumpren, a xuízo do técnico que suscribe, os requisitos técnicos de adecuación de materiais, solucións construtivas, etc., polo que o Proxecto infórmase favorablemente con carácter previo en canto aos aspectos urbanísticos, viabilidade das actuacións a partir da existencia previa do vial de titularidade municipal, conveniencia da actuacións e admisibilidade da solución técnica, coa observación final do punto 6.(.../...).*"

Consta no expediente informe da secretaria municipal 51/2018 que conclúe: "*Infórmase favorablemente a aprobación do proxecto "Mellora de camiños municipais de Buio-Rabadeña2 O órgano competente para a súa aprobación serao o Alcalde ou o Pleno en función da inclusión ou non do proxecto no orzamento no momento da súa aprobación. No momento da emisión deste informe o órgano competente é o Pleno"*

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación do presente proxecto ao non estar previstos no orzamento municipal, de conformidade co artigo 22.2 ñ) LBRL, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto "Mellora de camiños municipais: Buio-Rabadeña" redactado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 16.02.2018 co núm. 189".

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal."

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:



Aprobar o proxecto "Mellora de camiños municipais: Buio-Rabadeña" redactado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 16.02.2018 co núm. 189".

10. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da proposta da alcaldía de solicitude de adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o fomento da implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos doing business Galicia"

Consta no expediente a seguinte Proposta do concelleiro delegado de Obras, Medio Ambiente e Promoción Económica do 28.05.2018 que quedou introducida na orde do día logo de ser ratificada logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo Somos Fene e 3 do grupo municipal Socialista) e 5 abstencións (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

"Á COMISION INFORMATIVA

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) estableceron un protocolo de actuación para que os Concellos Galegos se impliquen de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia". O convenio ten data de 10 de outubro do 2017, e a addenda ao mesmo 13 de decembro do 2017.

A iniciativa "Concello Doing Business" supón para o Concello adherido, entre outras, a obriga de ofrecer ás empresas que pensen en instalarse en algún dos seus polígonos industriais bonificacións de ata o 95% no Imposto de bens inmobles (IBI), no imposto de actividades económicas (IAE) e no Imposto sobre construción, instalacións e obras. (ICIO)

Os incentivos fiscais están vinculados a un compromiso de creación de emprego por parte das empresas": ata o 95% de bonificación cando o proxecto implique creación de máis de 20 postos de traballo; de ata o 75%, cando supoñan a contratación de entre 11e 20 persoas; e como mínimo se beneficiarán dunha rebaixa do 50% si son ata 10 o número de empregos .

O Concello asume, con esta adhesión, o compromiso de tramitar a modificación das ordenanzas fiscais dos impostos no Imposto de bens inmobles (IBI), no imposto de actividades económicas (IAE) e no Imposto sobre construción, instalacións e obras. (ICIO) para adaptarse ás esixencias contidas no mesmo incorporando os beneficios fiscais correspondentes aos incentivos da iniciativa "Concellos doing business Galicia"

Por outro lado, os Concellos que se adhieran a este protocolo se beneficiarán da preferencia nas medidas da Xunta ao apoio do tecido empresarial, que se traducen en axudas e subvencións públicas destinadas a impulsar a industria, o emprego e o emprendemento

Vista a conveniencia deste Concello na toma de decisión que favorezcan a implantación e permanencia de empresas no término municipal e a creación de emprego, O Concelleiro delegado de Obras, Medio Ambiente e Promoción Económica do Concello de Fene, propón a esta comisión informativa

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), dentro do marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos doing business galicia" sendo os termos do protocolo os seguintes : "PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA" Dunha parte, Don Alberto Núñez Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia que actúa para este acto en representación desta en virtude do disposto nos artigos 10 e 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.



pola outra parte, Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) que actúa para este acto en representación desta en virtude do disposto nos artigos 44 e 46.1.B dos seus Estatutos.

As partes comparecentes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder abondo para obrigarse neste protocolo e, para tal efecto

E X P O Ñ E N

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, para o exercicio das súas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, pode establecer protocolos xerais de actuación con institucións públicas ou privadas interesadas no ámbito das súas funcións, así como colaborar con outras administracións.

Segundo.- Que a Fegamp é a única entidade asociativa das entidades locais de ámbito autonómico e, de conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, está recoñecida polas entidades locais galegas como a entidade asociativa mais representativa e maioritaria e terá as facultades derivadas da súa representatividade, constituíndo un excelente marco para realizar a difusión, coordinación e execución de determinadas programacións nos concellos e provincias ás que representa.

Terceiro.- Que concorren na sinatura deste protocolo razóns de interese público xa que a Xunta de Galicia considera necesario impulsar medidas que favorezan e fomenten a implantación e fixación de empresas no territorio galego. Con ese obxectivo, resulta determinante o establecemento de determinados incentivos para consolidar a decisión das empresas de implantación ou non no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A tal fin poñerase en funcionamento a iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Cuarto.- Para alcanzar o obxectivo mencionado faise necesario contar coa colaboración da Fegamp, pola súa representatividade, xa que abarca a todos os municipios e provincias de Galicia e tamén porque constitúe a maior vía de difusión, coordinación e execución dentro dos concellos. Ao abeiro do exposto e coa finalidade de levar a cabo as actuacións de conformidade co obxectivo previsto, as partes asinantes acordan formalizar o protocolo marco de colaboración con suxeición as seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Segunda.- Compromisos don concellos

Para que os concellos de Galicia poidan participar na iniciativa "Doing Business Galicia" deberán adoptar as seguintes medidas:

1.- Imposto sobre bes inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2.- Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial,



así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

3.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

6.- Compromiso de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

7.- En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.

Así mesmo, comprométese a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8.- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI, IAE ou ICIO para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

9.- As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia

Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.

2.- Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3.- Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de "Concello Doing Bussines Galicia", o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta



marca territorial, e identificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.

Cuarta.- Compromisos e obrigas asumidos pola Fegamp

A Fegamp comprométese a poñer a disposición dos concellos de Galicia a súa infraestrutura, medios materiais e humanos, organización e capacidade de xestión para acadar o obxectivo do presente protocolo.

Na difusión pública que se realice do proxecto obxecto deste protocolo, consignarase expresamente a referencia á Xunta de Galicia e á Fegamp como entidades que impulsan conxuntamente as actuacións que desenvolve este protocolo.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio, créase unha Comisión de seguimento, formada por dous representantes da Xunta de Galicia e outros dous da Fegamp, que facilite unha avaliación periódica e sistematizada das accións desenvolvidas e dos resultados alcanzados, dita dinámica incluirá tanto o seguimento anual para valorar de maneira continuada o grao de execución das actuacións, como a realización dunha avaliación intermedia e outra avaliación final sobre o nivel de consecución dos obxectivos.

Os acordos adoptaranse por unanimidade. No caso de non existir esta unanimidade, terá a consideración de mero informe e elevarase ás autoridades que subscriben o convenio para a súa resolución.

Outras cuestións relativas ao réxime e funcionamento da comisión serán consensuadas no seu seno e, no non previsto, estarase ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Son funcións desta comisión: velar polo cumprimento do convenio e adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Sexta.- Adquisición da condición de "Concello Doing Business Galicia"

A Comisión de Seguimento será a encargada de verificar que cada Concello que solicite a adhesión ao presente convenio cumpre as condicións establecidas no mesmo para a obtención da condición de "Concello Doing Business Galicia".

Tal recoñecemento terá lugar mediante resolución conxunta do presidente da Fegamp e do Conselleiro competente en materia de industria, previa proposta da Comisión de seguimento.

Sétima.- Vixencia e resolución

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia inicial de tres anos, prorrogábelles automaticamente ano a ano se non media denuncia previa dalgunha das partes.

O convenio poderá resolverse cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

1-Denuncia expresa de calquera das partes establecéndose un prazo de preaviso de dous meses.

2-incumprimento das cláusulas do Convenio.

Toda alteración das condicións recollidas no presente convenio poderá dar lugar á súa modificación.

A dita modificación formalizarase sempre mediante unha addenda.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de controversias

O convenio ten natureza administrativa e considerase incluído no artigo 4.1 .c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fora do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios de dita lei para resolver as dúbidas e lagoas normativas que puideran presentarse.

E en proba de conformidade asíñase o presente acordo por duplicado exemplar na data e lugar indicados no encabezamento."

Segundo.-Facultar á Alcaldía para a adopción de cantos actos sexan necesarios para dar executividade ao presente acordo

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Xunta de Galicia e a FEGAMP

Fene, 28 de maio de 2018

O Concelleiro delegado de Obras, Medio Ambiente e Promoción Económica
Asdo César Daniel Castro García"

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, indica que hai tempo para asinar este convenio ata o 31 de decembro de 2018, e entende que a Xunta con este convenio chantaxea aos Concellos botando balóns fora e dicíndonos que para poder competir os polígonos de Galicia cos de Portugal deben os Concellos baixar impostos, pero a Xunta non axuda nin fomenta a competitividade dos polígonos, senón que fai chantaxe indicando que os Concellos que non se adhiran non recibirán as mesmas



axudas que os demais. Considera que se a Xunta quere promocionar os polígonos industriais e facelos competitivos con respecto aos de Portugal debería utilizar o seu propio orzamento e non os dos Concellos. Sinala que agora se ven na tesitura de decidir como Concello que facer, se entrar na dinámica imposta pola Xunta ou se perder puntuación para talleres ocupacionais, etc. Desde o BNG decidiron, e engade que así o faloron no seu momento co resto dos grupos, que non queda máis remedio que entrar nese xogo aínda que non lles guste. Polo tanto, afirma que se o goberno tivese levado o asunto a comisión e debatido co procedemento adecuado, probablemente hoxe terían o voto favorable do seu grupo, pero que como non o fixeron, vanse abster porque saben que é interesante que saia adiante.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, di que teñen reservas sobre o tema, dado que na súa experiencia de goberno tentaron aplicar exencións similares ás que se presentan neste proxecto e o resultado foi desastroso. Entende tamén que se se adhiren todos os Concellos menos Fene, estará en peores condicións para o investimento, e polo tanto, son partidarios das medidas, aínda que teñen moitas dúbidas sobre a aplicabilidade do convenio. Tampouco lles gusta o xeito de traballar da Xunta neste caso, pero entenden que para o Concello sería moito peor que o penalizasen perdendo obradoiros de emprego ou outro tipo de subvencións. Quere que conste que, aínda que apoiarán a proposta, manteñen as mesmas reservas que tiveron a primeira vez que se presentou, en canto ao funcionamento e ao método por parte da Xunta de promocionar que isto se implante. Agardan que haxa maior acerto do que houbo en outra época para aplicar as desgravacións.

O voceiro de Somos Fene, Xoan Manuel Rodríguez Bastida, indica que descoñecen as experiencias do pasado, pero que o indicado polo voceiro do grupo socialista pode ser unha experiencia a ter en conta. Di que non entende por que o voceiro do BNG di que se trata dunha proposta que favorece aos veciños e veciñas do Concello e logo di que se vai abster na votación. Engade que eles saben que vai repercutir en beneficio dos veciños e veciñas do Concello, e saben que interesa ao Concello, e que polo tanto van votar a favor.

A voceira do grupo mixto, M^a del Carmen Martínez di que se vai abster, que entende que é bo pero que o é porque non queda outro remedio. Engade que EU nunca se somete a ningunha chantaxe e que cre que quedou claro nesta lexislatura.

A voceira do PP, Rocío Bértoa, explica que os puntos que se van obter para a consecución dun obradoiro de emprego son o principal motivo para xustificar a vía de urxencia para traer esta moción a este Pleno, pero que realmente o convenio non está ligado aos obradoiros de emprego, senón que o que se pretende co mesmo é fomentar a implantación de empresas nos distintos concellos que compoñen a nosa comunidade autónoma. Engade que o feito de non subscribilo non supón que vaian botar ao Concello de Fene de ningún lado nin quitarlle puntos, pero que se Fene vai con outros inscritos, hai unha serie de circunstancias e de puntuación que cando se solicitan obradoiros ou outro tipo de subvencións á Xunta de Galicia suman puntos, pero non supón restar. Cre que coa sinatura deste convenio non van perder senón que van gañar. Indica que a subscripción deste convenio supón a modificación de tres impostos municipais, que son o IBI, o IAE e o ICIO; supón unha serie de bonificacións a empresas, divididas entre pequenas e medianas e grandes, que se instalen no noso Concello sempre e cando creen emprego. Sinala que os impostos están moi ben porque sustentan o servizo, pero que a creación de emprego é o que realmente mantén vivo un Concello.

Por outra banda, a Sra. Bértoa resposta á reivindicación do voceiro do BNG, Juventino Trigo, sobre se tivesen dado conta da proposta na correspondente comisión informativa, e dille que se levou a comisión de persoal fóra da orde do día, na que estaban a concelleira Permuy e o concelleiro Ardá. Engade que se ningún dos seus compañeiros lle deu traslado terá que falar con eles, e indica que o concelleiro do grupo socialista lle pode dicir se é verdade ou mentira.

O alcalde, Gumersindo Galego, engade ao respecto que el mesmo manifestou o apoio do PP a este convenio antes da moción de censura. E indica que comparte certos temores sobre a aplicación das bonificacións fiscais e empresas dada a experiencia vivida doutros casos que remataron no Xulgado, pero que agora entende que este convenio será bo para o Concello.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo Somos Fene e 3 do grupo municipal Socialista) e 5 abstencións (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:



Primeiro.- Solicitar a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), dentro do marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos doing business galicia" sendo os términos do protocolo os seguintes:

"PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"

Dunha parte, Don Alberto Núñez Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia que actúa para este acto en representación desta en virtude do disposto nos artigos 10 e 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) que actúa para este acto en representación desta en virtude do disposto nos artigos 44 e 46.1.B dos seus Estatutos.

As partes comparecentes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder abondo para obrigarse neste protocolo e, para tal efecto

E X P O Ñ E N

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, para o exercicio das súas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, pode establecer protocolos xerais de actuación con institucións públicas ou privadas interesadas no ámbito das súas funcións, así como colaborar con outras administracións.

Segundo.- Que a Fegamp é a única entidade asociativa das entidades locais de ámbito autonómico e, de conformidade co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, está recoñecida polas entidades locais galegas como a entidade asociativa mais representativa e maioritaria e terá as facultades derivadas da súa representatividade, constituíndo un excelente marco para realizar a difusión, coordinación e execución de determinadas programacións nos concellos e provincias ás que representa.

Terceiro.- Que concorren na sinatura deste protocolo razóns de interese público xa que a Xunta de Galicia considera necesario impulsar medidas que favorezan e fomenten a implantación e fixación de empresas no territorio galego. Con ese obxectivo, resulta determinante o establecemento de determinados incentivos para consolidar a decisión das empresas de implantación ou non no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A tal fin poñerase en funcionamento a iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Cuarto.- Para alcanzar o obxectivo mencionado faise necesario contar coa colaboración da Fegamp, pola súa representatividade, xa que abarca a todos os municipios e provincias de Galicia e tamén porque constitúe a maior vía de difusión, coordinación e execución dentro dos concellos.

Ao abeiro do exposto e coa finalidade de levar a cabo as actuacións de conformidade co obxectivo previsto, as partes asinantes acordan formalizar o protocolo marco de colaboración con suxeición as seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no



territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Segunda.- Compromisos don concellos

Para que os concellos de Galicia poidan participar na iniciativa "Doing Business Galicia" deberán adoptar as seguintes medidas:

1.- Imposto sobre bes inmobles: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto que estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

2.- Imposto sobre actividades económicas: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

3.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras: aprobar mediante acordo plenario unha modificación da ordenanza fiscal reguladora deste imposto no que se estableza unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

4.- Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

5.- Taxa pola apertura de establecementos: poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou a non suxeición a esta taxa dos autónomos e empresas que soliciten licenza de apertura ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

6.- Compromiso de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.



7.- En materia de solo empresarial, aqueles concellos que sexan titulares deste tipo de solo, adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.

Así mesmo, comprométense a incorporar e ofrecer ás empresas a posibilidade de acudir á figura xurídica do dereito de superficie nos termos regulados no artigo 53.1 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

8.- En relación coa bonificación potestativa de ata o 95% no IBI, IAE ou ICIO para supostos declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, estableceranse os seguintes tramos:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

9.- As medidas de carácter fiscal comprometidas deberán manterse cando menos tres exercicios orzamentarios.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia

Os concellos que se acollan á iniciativa "Doing Business Galicia" veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1.- A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.

2.- Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3.- Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de "Concello Doing Bussines Galicia", o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e identificará os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.

Cuarta.- Compromisos e obrigas asumidos pola Fegamp

A Fegamp comprométese a poñer a disposición dos concellos de Galicia a súa infraestrutura, medios materiais e humanos, organización e capacidade de xestión para acadar o obxectivo do presente protocolo.

Na difusión pública que se realice do proxecto obxecto deste protocolo, consignarase expresamente a referencia á Xunta de Galicia e á Fegamp como entidades que impulsan conxuntamente as actuacións que desenvolve este protocolo.

Quinta.- Comisión de Seguimento



Para a valoración global do grao de cumprimento do convenio, créase unha Comisión de seguimento, formada por dous representantes da Xunta de Galicia e outros dous da Fegamp, que facilite unha avaliación periódica e sistematizada das accións desenvolvidas e dos resultados alcanzados, Dita dinámica incluirá tanto o seguimento anual para valorar de maneira continuada o grao de execución das actuacións, como a realización dunha avaliación intermedia e outra avaliación final sobre o nivel de consecución dos obxectivos. Os acordos adoptaranse por unanimidade. No caso de non existir esta unanimidade, terá a consideración de mero informe e elevarase ás autoridades que subscriben o convenio para a súa resolución.

Outras cuestións relativas ao réxime e funcionamento da comisión serán consensuadas no seu seno e, no non previsto, estarase ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Son funcións desta comisión: velar polo cumprimento do convenio e adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Sexta.- Adquisición da condición de "Concello Doing Business Galicia"

A Comisión de Seguimento será a encargada de verificar que cada Concello que solicite a adhesión ao presente convenio cumpre as condicións establecidas no mesmo para a obtención da condición de "Concello Doing Business Galicia".

Tal recoñecemento terá lugar mediante resolución conxunta do presidente da Fegamp e do Conselleiro competente en materia de industria, previa proposta da Comisión de seguimento.

Sétima.- Vixencia e resolución

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia inicial de tres anos, prorrogables automaticamente ano a ano se non media denuncia previa dalgunha das partes.

O convenio poderá resolverse cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

1-Denuncia expresa de calquera das partes establecéndose un prazo de preaviso de dous meses.

2-incumprimento das cláusulas do Convenio.

Toda alteración das condicións recollidas no presente convenio poderá dar lugar á súa modificación. A dita modificación formalizarase sempre mediante unha addenda.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de controversias

O convenio ten natureza administrativa e considerase incluído no artigo 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fora do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios de dita lei para resolver as dúbidas e lagoas normativas que puideran presentarse.

E en proba de conformidade asíñase o presente acordo por duplicado exemplar na data e lugar indicados no encabezamento."

Segundo.- Facultar á Alcaldía para a adopción de cantos actos sexan necesarios para dar executividade ao presente acordo

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Xunta de Galicia e a FEGAMP



11. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación inicial, se procede, da modificación das ordenanzas fiscais, núm. 24, reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras, da núm. 27 reguladora do imposto sobre bens inmobles e da núm. 26 reguladora do imposto sobre actividades económicas

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 04.06.2018 que quedou introducida na orde do día logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo Somos Fene e 3 do grupo municipal Socialista) e 5 abstencións (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Examinado o convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”, subscrito o 10 de outubro do 2017, e a addenda ao mesmo de 13 de decembro do 2017.

Ante a necesidade de modificar algúns dos artigos das ordenanzas fiscais nº 27 reguladora do imposto sobre bens inmobles, nº 26 reguladora do imposto sobre actividades económicas e nº 24 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, para adaptarse as esixencias do programa de actuación.

Unha vez emitido informe pola técnico de xestión financeira e recadación, o 4 de xuño, considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta alcaldía propón a adopción, polo pleno deste Concello do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Modificar o artigo 4.- **Bonificacións**, anteriormente derogado, co seguinte tenor:

1.- Dacordo co previsto no artigo 103.2. a) do TRLRHL, o Pleno da Corporación poderá conceder unha bonificación de ata o 95 por 100 sobre a cota tributaria en favor das construcións, instalacións ou obras destinadas á realización de actividades industriais ou comerciais, cando as mesmas sexan declaradas en cada caso concreto de especial interés ou utilidade municipal polo devandito órgano, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, debéndose cumprir os seguintes requisitos:

1) Creación de emprego na pequena e mediana empresa:

A bonificación poderá ser concedida ás pequenas e medianas empresas, considerándose coma tales, as que se adiquen á fabricación ou venda de produtos en áreas únicas de superficie inferior a 400 metros cadrados, ou, aínda en superficies superiores, cando non poidan ser encadradas nas actividades do epígrafe 2) do presente apartado, se cumpren os requisitos que seguen:

Creación de novos postos de traballo por parte do promotor ou titulado do establecemento mercantil das obras, que deben ser cubertos por persoas que non tivesen unha relación laboral dependente do promotor ou titulado do establecemento mercantil nos últimos cinco anos. Se o número de postos creado fose igual ou superior a catro, o 25 % dos novos contratos ha de ser de carácter indefinido. Cando resulte un número de contratos indefinidos non enteiro, redondearase ao enteiro inferior.

Acreditado o cumprimento deste requisito, a porcentaxe de bonificación determinarase en función do presuposto de execución material da construción, instalación ou obra e do número de novos postos de traballo creados, de acordo cos seguintes cadros:

Presuposto de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
Ata 100.000 €	1	1	4
100.000,01 a 150.000 €	2	2	6



Presuposto de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
150.000,01 a 200.000 €	3	3	7
200.000,01 a 250.000 €	4	4 ou máis	8
Máis de 250.000 €	5		

Porcentaxe de bonificación:

Puntos	% bonificación
5	50%
6	60%
7	70%
8	80 %
9	95%

2) Creación de emprego por grandes empresas e superficies comerciais e áreas de comercio mixto ou multiproducto:

Considéranse grandes empresas as que teñen máis de 250 traballadores. Considéranse áreas de comercio mixto ás superficies de comercio en grandes almacéns, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrezan un surtido amplo e, en xeral, profundo, de varias gamas de produtos – principalmente artigos para o equipamento do fogar, confección, calzado, perfumería, alimentación, etc- presentados en departamentos múltiples, con ou sen a asistencia de persoal de venda, e que poñen, ademais, diversos servizos a disposición dos clientes, sempre e cando a superficie total, incluídos toda clase de locais de explotación vinculada ou dependente, supere os 400 metros cadrados.

En tal sentido, considérase como única explotación aquela que, constando de diversos módulos constructivos, fisicamente independentes, sexa xestionada directa ou indirectamente pola mesma entidade mercantil ou por outras vinculadas á mesma ou pertencentes ao mesmo grupo de sociedades, aínda que desenvolvan actividades non estrictamente encadradas no grupo 66 da Clasificación Nacional de Actividades Económicas contemplada no R.D. 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as Tarifas e a Instrucción do Imposto sobre Actividades Económicas.

O requisito para a concesión da bonificación nestes casos é o que segue:

Creación de novos postos de traballo por parte do promotor ou titulado do establecemento mercantil das obras, que deben ser cubertos por persoas que non tivesen unha relación laboral dependente co promotor ou titulado do establecemento mercantil nos últimos cinco anos. En todo caso, o 25 % dos novos contratos ha de ser de carácter indefinido. Cando resulte un número de contratos indefinidos non enteiro, redondearase ao enteiro inferior.

Acreditado o cumprimento deste requisito, a porcentaxe de bonificación determinarase en función do presuposto de execución material da construción, instalación ou obra e do número de novos postos de traballo creados, de acordo cos seguintes cadros:

Puntuación dos requisitos:

Presuposto de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
Ata 3.000.000 €	1	15-50	1
De 3.000.000,01 a 6.000.000 €	2	51-125	2



Presuposto de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
De 6.000.000,01 a 9.000.000 €	3	126-200	3
De 9.000.000,01 a 12.000.000 €	4	201-275	4
De 12.000.000,01 a 15.000.000 €	5	Máis de 275	5
Máis de 15.000.000 €	6		

Porcentaxe de bonificación:

Puntos	% bonificación
7	50%
8	60%
9	70%
10	80 %
11	95%

2.- A bonificación regulada no apartado anterior será de carácter rogado, debendo presentar o suxeito pasivo a correspondente solicitude, coa que se achegarán os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos en cada caso. Para xustificar o requisito da contratación de traballadores abundará inicialmente coa presentación dunha declaración xurada por parte do promotor ou titulado mercantil das obras, na que figuren os datos dos traballadores que van a ser contratados cando se rematen as obras. Neste suposto, a bonificación concederáse baixo condición resolutoria, de maneira que de non presentarse copia autenticada dos correspondentes contratos de traballo no prazo de seis meses desde o remate das obras, quedará sen efecto a bonificación concedida e a Tesourería Municipal esixirá o importe da bonificación pola vía de constrinximento.

3.-As construcións, instalacións ou obras que se inicien sen terse concedido a licenza municipal – sempre e cando sexa preceptiva-, ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, no seu caso, non poderán acollerse aos beneficios fiscais previstos neste artigo.

O importe conxunto de toda as bonificacións non poderá superar o 95% da cota íntegra do imposto.

4ª. Engadir unha disposición transitoria, do seguinte teor:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A modificación operada no artigo 4 aplicarase a todas aquelas solicitudes que aínda non tivesen obtido a licenza municipal, a conformidade á comunicación previa, ou que ás obras foran iniciadas con posterioridade á entrada en vigor da mesma, sempre que as mesmas non estiveran incursas en procedemento algún de ilegalidade.

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, Reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

Modificar o apartado 5 do artigo 5. **Bonificacións**, co seguinte tenor:

5.1.- Segundo o previsto no art. 74.2. quáter do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre a cota tributaria do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial no inmovible, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.



5.2.- Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no art. 4 da Ordenanza Fiscal nº 24 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se acede segundo a puntuación total que, segundo o orzamento de execución das obras ou instalacións, e o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación.

5.3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Bens Inmóveis, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IBI se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

5.4.- A bonificación no IBI surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade.

5.5.- O acordo de concesión da bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación, que acordará, simultaneamente, o dereito ao seu desfrute coa tramitación da bonificación no ICIO e no IAE.

5.6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberán manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

5.7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

Asignar como apartado 6 o apartado 5 do texto anterior:

6.- As bonificacións recollidas neste artigo non son acumulables, nin aplicables simultaneamente, nin sucesivamente entre sí.

Engadir, unha Disposición Transitoria á ordenanza:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os suxeitos pasivos do imposto que dentro dos últimos catro anos anteriores á entrada en vigor da modificación da presente Ordenanza, sexan beneficiarios da bonificación pola introdución do beneficio fiscal contido no artigo 5 da mesma, terán dereito á aplicación retroactiva, durante os tres primeiros exercicios de inicio da actividade, do beneficio fiscal establecido na mesma porcentaxe que se lles tivera recoñecido no ICIO, sempre e cando se manteña o dereito á bonificación, e de se seguir cumprindo, durante os devanditos exercicios, os requisitos previstos no seu artigo 4, polo que procederá, no seu caso, a devolución de ingresos previa solicitude ao efecto do suxeito pasivo.

Terceiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 26, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

Engadir o apartado c) no **artigo 5 Bonificacións** co seguinte teor:

c) BONIFICACIÓN POR FOMENTO DO EMPREGO.

1.- Segundo o previsto no art. 88.2.e) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre da cota tributaria do imposto a favor dos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.



2.- Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no artigo 4 da Ordenanza Fiscal nº 24 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se acede segundo a puntuación total que, segundo o orzamento de execución das obras ou instalacións, e o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación. A bonificación limitarase á cota municipal sobre o inmovible, non estendéndose a outros establecementos que teñan cota tributaria separada dentro do termo municipal.

3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Actividades Económicas, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IAE se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

4.- A bonificación no IAE surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade. A mesma é simultaneable con calquera outra bonificación do IAE.

5.- O acordo de concesión da bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación, que acordará, simultaneamente, o dereito ao seu desfrute coa tramitación da bonificación no ICIO e no IBI.

6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberán manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

Engadir unha Disposición Transitoria á ordenanza, do seguinte teor:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os suxeitos pasivos do imposto que teñan concedido a bonificación pola introdución do beneficio fiscal contido no artigo 5.c) dentro dos últimos catro anos anteriores á entrada en vigor da modificación da presente Ordenanza, terán dereito á aplicación retroactiva, no Imposto sobre Actividades Económicas, durante os tres primeiros exercicios de inicio da actividade, do beneficio fiscal establecido na mesma porcentaxe que se lles tivera recoñecido no ICIO, sempre e cando se manteña o dereito á bonificación, e de se seguir cumprindo, durante os devanditos exercicios, os requisitos previstos no seu artigo 4, polo que procederá, no seu caso, a devolución de ingresos previa solicitude ao efecto do suxeito pasivo.

Cuarto.- Aprobar as modificacións das disposicións finais das ordenanzas fiscais, indicando que a entrada en vigor das presentes modificacións será o día 1 de xaneiro de 2019.

Quinto.- O presente acordo provisional exporase ao público durante o prazo de 30 días, a contar dende o seguinte a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren pertinentes. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado.

Fene, 4 de xuño de 2018

O alcalde,

Gumersindo Pedro Galego Feal"

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, indica que as modificacións presentadas na proposta non son unicamente as esixidas pola Xunta de Galicia, senón que se engade algún punto máis, e



reitera que se isto se lles dixera antes probablemente tería o seu voto a favor, pero que como non foi así, se van abster.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, remíttese aos mesmos argumentos e o mesmo sentido do voto que no punto anterior.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, sinala que non tivo o tempo suficiente para estudar correctamente a proposta e que por iso se vai abster na votación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo Somos Fene e 3 do grupo municipal Socialista) e 5 abstencións (4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 24, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Modificar o artigo 4.- Bonificacións, anteriormente derogado, co seguinte tenor:

1.- Dacordo co previsto no artigo 103.2. a) do TRLRHL, o Pleno da Corporación poderá conceder unha bonificación de ata o 95 por 100 sobre a cota tributaria en favor das construcións, instalacións ou obras destinadas á realización de actividades industriais ou comerciais, cando as mesmas sexan declaradas en cada caso concreto de especial interese ou utilidade municipal polo devandito órgano, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, debéndose cumprir os seguintes requisitos:

1) Creación de emprego na pequena e mediana empresa:

A bonificación poderá ser concedida ás pequenas e medianas empresas, considerándose coma tales, as que se adiquen á fabricación ou venda de produtos en áreas únicas de superficie inferior a 400 metros cadrados, ou, aínda en superficies superiores, cando non poidan ser encadradas nas actividades do epígrafe 2) do presente apartado, se cumpren os requisitos que seguen:

Creación de novos postos de traballo por parte do promotor ou titulado do establecemento mercantil das obras, que deben ser cubertos por persoas que non tivesen unha relación laboral dependente co promotor ou titulado do establecemento mercantil nos últimos cinco anos. Se o número de postos creado fose igual ou superior a catro, o 25 % dos novos contratos ha de ser de carácter indefinido. Cando resulte un número de contratos indefinidos non enteiro, redondearase ao enteiro inferior.

Acreditado o cumprimento deste requisito, a porcentaxe de bonificación determinarase en función do presuposto de execución material da construción, instalación ou obra e do número de novos postos de traballo creados, de acordo cos seguintes cadros:

Presuposto de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
Ata 100.000 €	1	1	4
100.000,01 a 150.000 €	2	2	6
150.000,01 a 200.000 €	3	3	7
200.000,01 a 250.000 €	4	4 ou máis	8
Máis de 250.000 €	5		

Porcentaxe de bonificación:

Puntos	% bonificación
5	50%



Puntos	% bonificación
6	60%
7	70%
8	80 %
9	95%

2) Creación de emprego por grandes empresas e superficies comerciais e áreas de comercio mixto ou multiproducto:

Considéranse grandes empresas as que teñen máis de 250 traballadores. Considéranse áreas de comercio mixto ás superficies de comercio en grandes almacéns, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrezan un surtido amplo e, en xeral, profundo, de varias gamas de produtos –principalmente artigos para o equipamento do fogar, confección, calzado, perfumería, alimentación, etc- presentados en departamentos múltiples, con ou sen a asistencia de persoal de venda, e que poñen, ademais, diversos servizos a disposición dos clientes, sempre e cando a superficie total, incluídos toda clase de locais de explotación vinculada ou dependente, supere os 400 metros cadrados.

En tal sentido, considérase como única explotación aquela que, constando de diversos módulos constructivos, fisicamente independentes, sexa xestionada directa ou indirectamente pola mesma entidade mercantil ou por outras vinculadas á mesma ou pertencentes ao mesmo grupo de sociedades, aínda que desenvolvan actividades non estritamente encadradas no grupo 66 da Clasificación Nacional de Actividades Económicas contemplada no R.D. 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as Tarifas e a Instrucción do Imposto sobre Actividades Económicas.

O requisito para a concesión da bonificación nestes casos é o que segue:

Creación de novos postos de traballo por parte do promotor ou titulado do establecemento mercantil das obras, que deben ser cubertos por persoas que non tivesen unha relación laboral dependente co promotor ou titulado do establecemento mercantil nos últimos cinco anos. En todo caso, o 25 % dos novos contratos ha de ser de carácter indefinido. Cando resulte un número de contratos indefinidos non enteiro, redondearase ao enteiro inferior.

Acreditado o cumprimento deste requisito, a porcentaxe de bonificación determinarase en función do presuposto de execución material da construción, instalación ou obra e do número de novos postos de traballo creados, de acordo cos seguintes cadros:

Puntuación dos requisitos:

Presuposto de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
Ata 3.000.000 €	1	15-50	1
De 3.000.000,01 a 6.000.000 €	2	51-125	2
De 6.000.000,01 a 9.000.000 €	3	126-200	3
De 9.000.000,01 a 12.000.000 €	4	201-275	4
De 12.000.000,01 a 15.000.000 €	5	Máis de 275	5
Máis de 15.000.000 €	6		

Porcentaxe de bonificación:



Puntos	% bonificación
7	50%
8	60%
9	70%
10	80 %
11	95%

2.- A bonificación regulada no apartado anterior será de carácter rogado, debendo presentar o suxeito pasivo a correspondente solicitude, coa que se achegarán os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos en cada caso. Para xustificar o requisito da contratación de traballadores abondará inicialmente coa presentación dunha declaración xurada por parte do promotor ou titulado mercantil das obras, na que figuren os datos dos traballadores que van a ser contratados cando se rematen as obras. Neste suposto, a bonificación concederáse baixo condición resolutoria, de maneira que de non presentarse copia autenticada dos correspondentes contratos de traballo no prazo de seis meses desde o remate das obras, quedará sen efecto a bonificación concedida e a Tesourería Municipal esixirá o importe da bonificación pola vía de constrinximento.

3.-As construcións, instalacións ou obras que se inicien sen terse concedido a licenza municipal –sempre e cando sexa preceptiva-, ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, no seu caso, non poderán acollerse aos beneficios fiscais previstos neste artigo.

O importe conxunto de toda as bonificacións non poderá superar o 95% da cota íntegra do imposto.

4ª. Engadir unha disposición transitoria, do seguinte teor:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A modificación operada no artigo 4 aplicarase a todas aquelas solicitudes que aínda non tivesen obtido a licenza municipal, a conformidade á comunicación previa, ou que ás obras foran iniciadas con posterioridade á entrada en vigor da mesma, sempre que as mesmas non estiveran incursas en prodedemento algún de ilegalidade.

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, Reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

Modificar o apartado 5 do artigo 5. Bonificacións, co seguinte tenor:

5.1.- Segundo o previsto no art. 74.2.quáter do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre a cota tributaria do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial no inmovible, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

5.2.- Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no art. 4 da Ordenanza Fiscal nº 24 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se acede segundo a puntuación total que, segundo o orzamento de execución das obras ou instalacións, e o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación.



5.3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Bens Inmóveis, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IBI se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

5.4.- A bonificación no IBI surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade.

5.5.- O acordo de concesión da bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación, que acordará, simultaneamente, o dereito ao seu desfrute coa tramitación da bonificación no ICIO e no IAE.

5.6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberanse manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

5.7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

Asignar como apartado 6 o apartado 5 do texto anterior:

6.- As bonificacións recollidas neste artigo non son acumulables, nin aplicables simultaneamente, nin sucesivamente entre sí.

Engadir, unha Disposición Transitoria á ordenanza:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os suxeitos pasivos do imposto que dentro dos últimos catro anos anteriores á entrada en vigor da modificación da presente Ordenanza, sexan beneficiarios da bonificación pola introdución do beneficio fiscal contido no artigo 5 da mesma, terán dereito á aplicación retroactiva, durante os tres primeiros exercicios de inicio da actividade, do beneficio fiscal establecido na mesma porcentaxe que se lles tivera recoñecido no ICIO, sempre e cando se manteña o dereito á bonificación, e de se seguir cumprindo, durante os devanditos exercicios, os requisitos previstos no seu artigo 4, polo que procederá, no seu caso, a devolución de ingresos previa solicitude ao efecto do suxeito pasivo.

Terceiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 26, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

Engadir o apartado c) no artigo 5 Bonificacións co seguinte teor:

c) BONIFICACIÓN POR FOMENTO DO EMPREGO.

1.- Segundo o previsto no art. 88.2.e) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre da cota tributaria do imposto a favor dos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

2.- Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no artigo 4 da Ordenanza Fiscal nº 24 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras,



estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se acede segundo a puntuación total que, segundo o orzamento de execución das obras ou instalacións, e o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación. A bonificación limitarase á cota municipal sobre o inmovible, non estendéndose a outros establecementos que teñan cota tributaria separada dentro do termo municipal.

3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Actividades Económicas, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IAE se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

4.- A bonificación no IAE surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade. A mesma é simultaneable con calquera outra bonificación do IAE.

5.- O acordo de concesión da bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación, que acordará, simultaneamente, o dereito ao seu desfrute coa tramitación da bonificación no ICIO e no IBI.

6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberanse manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

Engadir unha Disposición Transitoria á ordenanza, do seguinte teor:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os suxeitos pasivos do imposto que teñan concedido a bonificación pola introdución do beneficio fiscal contido no artigo 5.c) dentro dos últimos catro anos anteriores á entrada en vigor da modificación da presente Ordenanza, terán dereito á aplicación retroactiva, no Imposto sobre Actividades Económicas, durante os tres primeiros exercicios de inicio da actividade, do beneficio fiscal establecido na mesma porcentaxe que se lles tivera recoñecido no ICIO, sempre e cando se manteña o dereito á bonificación, e de se seguir cumprindo, durante os devanditos exercicios, os requisitos previstos no seu artigo 4, polo que procederá, no seu caso, a devolución de ingresos previa solicitude ao efecto do suxeito pasivo.

Cuarto.- Aprobar as modificacións das disposicións finais das ordenanzas fiscais, indicando que a entrada en vigor das presentes modificacións será o día 1 de xaneiro de 2019.

Quinto.- O presente acordo provisional exporase ao público durante o prazo de 30 días, a contar dende o seguinte a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren pertinentes. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado.



12. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG en apoio á convocatoria del folga xeral para o 19 de xuño de 2018

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal do BNG do 24.05.2018 que non foi introducida na orde do día ao non ser ratificada pola unanimidade dos/as concelleiros/as, logo de que o voceiro do BNG, Juventino José Trigo Rey, expuxera que a folga foi suspendida logo de que se acadaran os seus obxectivos co trunfo da moción de censura estatal.

13. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

14. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, toma a palabra para facer dous rogos ao alcalde e dúas preguntas. O primeiro rogo é que poña orde e organización entre os concelleiros e concelleiras que forman o goberno, dado que asegura que están a ver bastante desorganización entre as áreas de traballo do Concello e despilfarro económico. E o segundo é que contesten nas comisións ás preguntas que se fan, para que non teñan que vir ao Pleno coas mesmas preguntas xa realizadas en comisión informativa e que xa deberan estar contestadas.

En canto ás preguntas, a primeira refírese a que, cando se foron do goberno, faláron co actual alcalde porque había dúas reunións pendentes, unha con Fomento, polas curvas de Santa Ana, e outra coa Deputación pola mellora da seguridade viaria e beirarrúas na Estrada de San Marcos, Barallobre, á que tamén están convocados os veciños. Pregunta se xa se celebraron estas reunións ou se hai data prevista para elas. A segunda é sobre unha reunión que hai uns quince días tivo lugar coa AVV de Magalofes por varios asuntos desa parroquia na que se quedou de organizar outra reunión por parte do Concello con Augas de Galicia e coa Deputación polo tema da auga. Pregunta se xa hai data para estas reunións, se xa se celebraron ou cal foi a resposta destes organismos.

O alcalde, Gumersindo Galego, di que toma nota dos rogos. Sobre a reunión con Fomento, informa que xa se celebrou pero que non lles deron en principio ningunha solución inmediata ao tema de Santa Ana; di que a demarcación de estradas suxire a implantación dunha rotonda, cos trámites que iso conleva e sobre a reunión con Augas de Galicia e Deputación sobre a auga de Magalofes, informa que se solicitou o martes pasado ao delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia de A Coruña que falara con antes de Galicia para que facilitara a xuntanza o antes posible. Engade que tamén está pendente do tema de Deputación porque parece ser que quen se comprometeu a ir a esa reunión é o presidente da Deputación, co que hai que ter en conta tamén a súa axenda, pero que non hai data para ningunha das dúas.

O concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá, toma a palabra e felicita ao novo goberno por continuar con traballos que tiña previsto o anterior, como a reparación das pistas de atletismo, da que xa informaran en comisión, despois dunha solicitude do ano 2017, e que se non se puido executar foi por circunstancias meteorolóxicas. Roga á concelleira do PP, Rocío Bértoa, que polo menos lles permita dicir que iso o ían facer. Felicítaos tamén pola instalación dos aparca-bicis solicitados polo anterior goberno que ve que xa están instalados. Pregunta como van os traballos de instalación do portal do ximnasio da parte baixa da Casa da Cultura, realizado por alumnos do Instituto de Barallobre. E pregunta se van continuar co recuado e ampliación da estrada que se estaba a facer diante da Torre III de San Valentín, que era unha demanda veciñal trasladada ao Concello polo CPS.

O concelleiro do PP, Andrés Serantes, con respecto ao portal do ximnasio da parte baixa da Casa da Cultura, di que están traballando niso. O alcalde dilles aos membros do anterior goberno que tamén puideron traballar eles. Estes contestan que xa fixeron o convenio. O alcalde di que hai que facer o portal e que o convenio é moi fácil.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, aclara que se asinou un convenio e se falou co persoal do Instituto para ver se tiñan medios para facelo, porque o propio Instituto interesouse por este tipo



de colaboracións que nunca se fixeron, que tamén ao Concello lle interesa que os cativos fagan este tipo de prácticas e que saen todos beneficiados. Engade que se asinou a principios de este ano e que os cativos o farían e o instalarían antes de acabe o curso, que por iso querían saber se xa está listo.

Sobre o recuado da Torre III, o alcalde Gumersindo Galego explica que no seu momento se preguntou por que se talaban as palmeiras, pero non dixeron nada. Di que lle gustaría saber onde está o proxecto de recuado ou un boceto do mesmo. Pregunta se o anterior goberno ou algún técnico ten algo diso.

O concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá, resposta que o anterior encargado sabe perfectamente cal é a obra que se ía executar.

O alcalde di que non se trata de encargados, senón de proxectos e de cartos, ou ben unha memoria, anteprojecto, cunha valoración do mesmo. Volve preguntar se teñen algo, dado que no traspaso de poderes non apareceu nada.

O Sr. Martínez resposta que os traballos ían ser executados por persoal do Concello e por iso non había que ter orzamento.

O alcalde di que é un tema de seguridade viaria dado que así o facía constar o anterior goberno na nota que enviou á prensa sobre este tema, co que algo terá que dicir a Policía Local. Engade que, de todos xeitos, el non ten constancia desa queixa veciñal no Concello.

A concelleira do grupo do BNG, Alejandra Permuy, afirma que o concelleiro de obras, César Castro, si que ten coñecemento. Diríxese a el e pregúntallo. O Sr. Castro resposta que si que ten constancia desa queixa e que veu a petición da presidenta do CPS.

O alcalde di que foi o anterior goberno o que iniciou esa obra e pregunta se deixaron algo feito. Remata dicindo que só cortaron dúas palmeiras.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, comeza a súa intervención cun rogo para que se faga unha campaña de limpeza de ríos e fontes. Pregunta se se ten feito algunha actuación no Camiño de Piñeiro Manso, no Souto da Ribeira de Maniños, e se hai prevista algunha actuación no espazo verde de diante da Torre III de San Valentín, dado que houbo unha tala de árbores que se xustificou nun proxecto de mellora da urbanización e que é un proxecto que non coñecen. Roga tamén que se retome o consenso nas comisións correspondentes para o tema das podas e das talas. Por outra banda, roga que se revisen farolas fundidas na N-VI pola zona da Rubber e no camiño que baixa a Mundín, e pregunta se están en visos de solución algúns dos expedientes de disciplina urbanística polos que levan preguntando máis dun ano e medio, isto é, Rúa Travesa 26, cruce do Camiño da Vrea con Travesía do Catalán, e Buios nº 1. Solicita información sobre o estado das cesións das beirarrúas da Escola Infantil do Carril, sobre o estado de tramitación da subvención do PAI 2015 para o acondicionamento da pista polideportiva de Magalofes e varios parques infantís, do proxecto do POS+ 2016 para o alcantarillado da Rañoa, se hai algunha intervención prevista na Avda Naturais na zona de Abanca, sobre o proxecto da parada de autobuses para a seguridade viaria dos rapaces, sobre a obra de acondicionamento da fachada do CPI A Xunqueira e aglomerado na Rúa Tras do Cádavo, que son plans complementarios aos plans da Deputación do 2016. Ademais, pregunta se saben por que motivo, nas convocatorias de 2017 e 2018, non se solicitaron subvencións para a contratación de técnicos deportivos, e roga que no ano que vén, dado que hai esa liña de financiamento, se é útil para o Concello contratar unha persoa máis de apoio, que se use, e se non, en calquera caso, que se use para financiar a técnica deportiva que ten o Concello actualmente.

O concelleiro do grupo socialista, Joaquín Ayala, toma a palabra para formular dúas preguntas e un rogo. A primeira pregunta é en que punto se atopa a petición da Fundación TDH e trastornos asociados, que se quería instaurar nun local para dar servizo ás familias con menores que teñen este tipo de trastornos. A segunda pregunta é sobre o local da asociación ASPANEPS, sobre o estado de tramitación da permuta do mesmo. Roga que tanto a asociación Amigos de Galicia, como Cáritas como ASPANEPS, en lugar de recibir a subvención a final de ano, poidan recibila en dúas achegas, unha en xuño e outra en decembro.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, volve intervir para formular un rogo sobre o muíño do Redondo, na parroquia de Magalofes. Di que lles transmitiron que está en perfectas condicións para



facelo funcionar e que só precisan dunha persoa que entenda deste tema para poñelo en funcionamento, e que unha vez estea en funcionamento, a asociación podería facerse cargo do seu coidado e incluso abri-lo para algún colexio cando se solicite.

O alcalde pregunta que asociación.

O Sr. Noceda di que a de veciños de Magalofes.

O alcalde explica que o problema dese muíño é que ten unha fenda na pedra que se move ao moer, e que se se bota a andar, parte. Di que xa lle dixo á asociación que se podería envolver esa pedra nunha pletina de metal e ver se puidera aguantar para que moera un pouco, e que o van mirar.

O Sr. Galego di que toma nota da campaña de limpeza de camiños e fontes. Sobre o Camiño de Piñeiro Manso informa que agora se está a mirar para arranxar un camiño que hai un pouco máis arriba, xunto con ese e co camiño real desde a Lagarteira a Lubián, pero que non hai fondos na partida de camiños, co que haberá que dotar economicamente esa partida ou, no seu caso, incluí-la nos correspondentes orzamentos. Sobre as farolas fundidas, di que xa teñen coñecemento, pero que seguen a ter o problema da colocación do camiño na estrada para facelo, xa que hai que pedir permiso a Fomento, cortar o tráfico e desvialo por un só carril. Respecto aos expedientes de disciplina urbanística, o alcalde di que cre que no de Rúa Travesa e Buios 1 si que se fixo algo. Sobre as cesións do Carril, sinala que a última cesión que se mandou para documentar notarialmente veu de volta porque o notario solicita máis documentación, concretamente dunha comunidade hereditaria, e que el persoalmente cre que aínda vai solicitar máis documentación porque cre que está incompleta. Di que non lembra o número pero que poden comprobar o expediente na oficina. Sobre o PAI 2015 propón consultar o expediente arriba para dar a información correcta, e sobre o alcantarillado da Rañoa afirma que este goberno se levou unha desagradable sorpresa porque o proxecto estaba abandonado e non se fixo nada, co cal hai un informe do enxeñeiro municipal no que fai constar que hai unha servidume do gas e que polo tanto será preciso afondar máis o alcantarillado, o que implicará un sobrecusto elevado dadas as características do terreo. Di que se pediu prórroga do proxecto á Deputación e solicitouse un modificado, e que virán ao día seguinte para retomalo. Sobre a intervención en Avda Naturais no tramo de Abanca, o alcalde informa que está en contacto coa dirección, e que o que queren é dar un pouco de iluminación ao fronte instalando uns focos máis potentes, facilitando o acceso aos caixeiros por parte dos usuarios, e que lles informou que teñen que solicitar a correspondente licenza para iso e ter tamén autorización por parte da comunidade de propietarios do edificio. Por outro lado, di que están estudando tamén unha mellora do acceso á entidade e ao supermercado facendo cando menos dúas prazas de aparcamento para minusválidos. En canto ao proxecto da parada de autobuses para o IES de Fene, di que se reiterou esta semana á Deputación unha solicitude de subvención, pero que non hai contestación. E en canto á obra de acondicionamento da fachada da Xunqueira e aglomerado de Tras do Cádavo, afirma que caeron os proxectos, dado que as baixas que se ían aplicar para levalos adiante dixo a Deputación que non se podían aplicar, co que están a mirar como facer esas obras, que supoñen 35.000 e 38.000 euros, con baixas do PAS 2015 da Avda das Pías ou con cargo ao superávit do Concello. Sobre o local de ASPANEPS, o alcalde espera que para o vindeiro Pleno poida vir a inclusión da permuta no inventario de bens municipais para despois asinar o convenio. Engade que toma nota sobre a solicitude de recibir a subvención en dúas achegas.

O concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, sobre a contratación de técnicos de deportivos, di que non sabe o motivo polo que non se contrataron nos dous últimos anos, pero que é seguro que a partir de agora se van contratar, dado que unha das querencias da área é diversificar a actividade deportiva no Concello, como di que xa o intentou no curto período anterior no que foi responsable de deportes co atletismo.

Á pregunta do concelleiro do grupo socialista, Joaquín Ayala, sobre a solicitude dun local por parte da Fundación TDH e trastornos asociados, o alcalde resposta que toman nota e se enterarán de como está o tema dado que non o saben.

Toma a palabra a voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, e sinala que durante o ano e medio que estivo no goberno sempre contestou en Comisión e en Pleno, e o que non podía respostar no momento o facía sempre na seguinte Comisión ou no seguinte Pleno. Roga que o goberno teña agora a mesma consideración coas preguntas que fai o seu grupo. Sinala que EU solicitou por rexistro en maio copia das facturas correspondentes ao mes de abril, e que aínda non as teñen. Solicita que llas deixen en Intervención e aproveita para solicitar copia das facturas do mes de maio, preguntando se



é necesario que meta a solicitude por rexistro. Engade que tampouco ten resposta a unha pregunta que rexistrou en maio sobre os criterios que se seguiron para o cambio de encargado e as tarefas encomendadas. Pregunta que empresa fixo o amaño do Camiño de Arriba, Sillobre, e o custo do mesmo. Pregunta se é verdade que se fixeron desbroces en fincas privadas por parte do Concello na zona de Tarrío despois das Festas de Perlío, que ten queixas de veciños a este respecto. Pregunta por unha solicitude do Colexio O Ramo para ampliación do comedor, por o estado dos problemas coa recollida de voluminosos e cartón, pola tala de árbores na pista de atletismo de Barallobre, se os talou o Concello ou contratou unha empresa, cantos se talaron, por que, custo, e a onde foi a madeira.

A Sra. Martínez engade un comentario e remítese á acta da Comisión Informativa de Dinamización Social de Transparencia de 25 de abril de 2018, na que se di literalmente que se está a executar o que estaba programado polo anterior goberno. Quere demostrar así que o que dixo no pleno anterior era certo e pide que non lle digan que é mentira como lle dixo a voceira do PP, Rocío Bértoa.

A voceira do PP, Rocío Bértoa, di que non lle dixo iso.

A Sra. Martínez di que si.

A Sra. Bértoa pregúntalle se sabe que o contido das comisións é secreto, e que o está a traer a un acto público.

A Sra. Martínez di que algunha apareceu por redes sociais, e con nomes e apelidos de funcionarios, e que ela só está a falar de algo que lle dixo que ía traer.

O alcalde, Gumersindo Galego, dispónse a responder as preguntas da voceira do Grupo Mixto. Explica que un goberno que entra ten que retomar lóxicamente e continuar actividades que tiña o outro, ao igual que ao Sr. Juventino lle quedaron cousas encamiñadas cando eles se foron na lexislatura anterior, concretamente a marxe dereita sentido Ferrol das Pías. Pero que ao alcantarillado de A Rañoa non lle tocaron.

A Sra. Martínez pregunta se continúa entón o que está iniciado.

O Sr. Galego di que o iniciaron eles no 2014, que quedaron paradas moitas obras, incluso de POS+, e que o único que se está a executar é o plan de acción social de 2015. Pregúntalle á voceira do Grupo Mixto se o que quere é que non se continúe coas obras dos Plan de 2016, 2017 e 2018. Afirmo que claro que hai continuidade, ao igual que o goberno que entrou agora en Madrid vaise beneficiar de todos os temas que tiña iniciados o goberno anterior e non os vai tirar pola borda.

Sobre o comedor do Ramo, indica que a Concelleira de Ensino xa falou co director, e que a obra se debe a un aumento de matrícula importante neste colexio, e sobre a recollida de voluminosos, di que houbo xente de baixa e xa se falou coa empresa para que repuxeran condutores.

En canto ás facturas solicitadas por rexistro, o alcalde di que é certo que hai uns prazos para responder, pero que tamén hai unha salvedade, que é que o solicitado poida interferir no normal funcionamento dos servizos económicos municipais. Non di que non se lle vaian a dar pero que está claro que non será pasado mañá porque son un volume bastante importante.

Sobre o encargado, o alcalde di que, que el saiba, non se cambiou ningún encargado, e que por iso non se lle contestou. Engade que neste Concello, por RPT, hai dous encargados, e unha praza está cuberta e a outra está sen cubrir. E sobre o Camiño de Arriba, o concelleiro de Servizos, Andrés Serantes, indica que eles non fixeron ningunha actuación, e que o único que se fixo foi o rebacheo que contratou o goberno anterior. A concelleira do PP, Rocío Bértoa, intervén e explica que á empresa contratada polo goberno anterior "in extremis" dous días antes da moción de censura, lle devolveron a factura pola mala execución dos traballos de rebacheo en distintas zonas, que a policía local fixo un informe sobre o tema co que se devolveu a factura e se lle requiriu para que subsanaran o traballo. O concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá, pregunta se hai un informe técnico, ao que a Sra. Bértoa resposta que o informe é policial para actuar de emerxencia debido ao perigo nas vías, e que despois, para conformar a factura, será necesario o informe dun técnico. Señala que, en concreto, na entrada ao polígono Vilar do Colo desde Limodre, había tanto perigo que houbo que enviar á policía local. O alcalde engade que se trata da mesma empresa que contrataron o ano pasado e da que xa tiveron queixas.



Sobre as queixas dos veciños de Centieiras, o alcalde di que non ten constancia de ningunha queixa por rozar fincas privadas.

O Concelleiro de Deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, sobre a tala de árbores nas pistas de atletismo de Barallobre, afirma que non hai pistas de atletismo con árbores porque os corredores chocarían coas árbores, e que segue a haber árbores na instalación na que están as pistas. Onde se cortaron as árbores foi no que era o graderío, onde estaban antes os espectadores e os técnicos. Explica que antes era un seto de tullas, pero que como en trinta e pico de anos non se fixo nada, convertéronse en árbores e houbo que talalos, e que nese espazo vanse poñer unhas vallas e vai volver ser o graderío para técnicos e espectadores para competicións deportivas. A Sra. Martínez volve preguntar se as cortou unha empresa ou o Concello e o Sr. Bastida resposta que foi a empresa de servizos contratada polo Concello; e o concelleiro de servizos, Andrés Serantes, engade que foi a custo cero a cambio da madeira.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.24 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.